


MEMORIA DE DIRECCIÓN



CPI ATIOS -Valdoviño

CURSO 2022-23

Antonio Cebreiro Melero



ÍNDICE	
1. DATOS XERAIS DO CENTRO	Páx. 03
2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO	Páx. 04
3. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS ESCOLARES	Páx. 13
4. ORGANIZACIÓN DAS INTERVENCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Páx. 30
5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA	Páx. 36
6. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CRITERIOS APLICADOS NA CONFECCIÓN DE HORARIOS	Páx. 36
7. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	Páx. 37
8. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO E DEPARTAMENTO.	Páx. 37
9. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	Páx. 38
10. INFORME DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	Páx. 39
11. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	Páx. 51
12. PLAN DIXITAL	Páx. 54
13. ANÁLISE DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Páx. 56
14. PLANS E PROGRAMAS LEVADOS A CABO NO CURSO 2022-23	Páx. 69
15. RESUMO DO BALANCE ANUAL DE CONTAS ANO 2022	Páx. 75
16. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA SOBRE O FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO PARA EL CURSO 2023-24	Páx. 76

1. DATOS XERAIS DO CENTRO

O curso que remata caracterizouse pola súa intensidade e a morea de traballo que tivemos que realizar, para o desenvolvemento das nosas actividades, a revisión de documentos organizativos do centro como o NOF, Plan Dixital, Plan de Convivencia, Plan Económico ,Plan de Comedor, Plan de Atención a Diversidade entre outros, e como non a situación de excepcionalidade que provocou a conmemoración do 50 aniversario da posta en marcha do noso centro.

Por outra banda, foi un curso no que o incremento de traballo administrativo foi máis grande que de anos anteriores con certificacións de titorías, altas e ceses de persoal docente e non docente, xestión da gratuidade de libros de texto, axudas para o material, cesións de ordenadores edixgal, xestión do comedor escolar, xustificación de contas, DRDADI, DRD, DOC, ...

Debido á carga de traballo de carácter administrativo e organizativo o Equipo Directivo tivo que deixar máis de lado cuestións de carácter pedagóxico. Pero quero destacar a comprensión e colaboración obtida desde a inspección educativa.

O persoal docente do colexio estivo formado por 51 docentes dos cales 22 deles imparten docencia na ESO , 22 en Educación Primaria e 5 en Educación Infantil, por outra banda temos unha docente dentro do programa “Acompaña” e outra docente facendo a labor de “mentora Adix”

Temos ademais servizos complementarios de transporte e comedor e ao ser un CPI ten unha complexidade organizativa maior. Todos os procesos que se fan nos centros educativos, aquí hai que facelos por duplicado ou triplicado nalgunhas ocasións. Hai dous inicios de curso, dous remates, tres períodos de matrícula, dúas avaliacións, tres lexislacións diferentes...

Destacar que este curso tivemos un auxiliar de conversa a súa presenza foi moi positiva tanto para o alumnado como para o profesorado. E por sorte xa temos asignada a mesma auxiliar de conversa para o curso 2023-24

Cómpre destacar a satisfacción de traballar co equipo de profesionais , competentes , entusiastas , participativos , felices... que conforman o persoal docente e non docente deste centro como reflexa a cantidade de recoñecementos que reciben os noso docentes por parte e institucións públicas e privadas acadando co seu esforzo persoal premios polos seus traballos en robótica, traballo cooperativo, competencias básicas, fomento do galego, biblioteca, etc.

Pero o máis destacado do curso académico 2022-23 foi o final das restriccións porvocadas pola COVID-19 que nos permitiu voltar a normalidade!!!

E tamén a de contar coa colaboración inestimable da ANPA e dunha boa parte do resto da comunidade educativa en todas as actividades desenvolvidas no centro. Neste punto lamentar a decisión da ANPA de rematar a súas tarefas e disolverse por falta de familias implicadas

Por último agradecer ao noso inspector Benigno Sánchez o seu apoio e información fluida e continua que nos axudou a facer fronte a este final de curso tan complexo.

2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

A organización e a responsabilidade de acadar os obxectivos propostos corresponde aos diferentes equipos segundo as competencias recollidas na regulamentación oficial, así como aos diferentes cargos recollidos no cadro de organización pedagóxica.

O seguimento dos obxectivos se fixo trimestralmente e a avaliación final se fará observando o grado de cumprimento ,que en todos os casos será **o 80% do total das actuacións previstas.**

OBXECTIVO Nº 1: REVISAR AS MEDIDAS DA COVID-19

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30/06/2023
Responsables:	Equipo directivo, Profesorado, ANPA e Concello		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 9	Medición do obxectivo	9 /9 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIONES		
<i>Revisar o Protocolo COVID-19</i>	Lectura por parte dos membros do equipo directivo do protocolo	Feito o 29 de agosto na reunión de dirección	
	Reunión inicial dos membros do equipo directivo para poner en común as medidas a desenvolver	Reunión feita o venres 2 de setembro	
	Reunión co ANPA e o Concello para que aporten ideas para desenvolver as novas medidas	Ten lugar o día 2 de setembro	
	Reunións do equipo directivo ata finalizar a revisión do protocolo	Feita o mércores 7 de setembro	
<i>Difusión do a revisión do protocolo COVID-19</i>	Publicación na páxina web do centro	Publicación das novas medidas o 8 de setembro	
	Traslado de copia ao ANPA Beiramar do CPI Atios e ao Concello de Valdoviño	Trasladada copia via email o 8 de setembro	
	Información ao Claustro do profesorado antes do inicio das clases	Información previa ao claustro via email o día 7 de setembro	
	Difusión a través da aplicación abalarmobil	Crease aviso en abalar móvil o día 7 de setembro	
	Remisión vía email de toda a información sobre o protocolo ao profesorado, persoal non docente, persoal de cafetería e servizo de limpeza.	Difusión do plan definitivo feita o 12-10-2022	

OBXECTIVO Nº 2 : MELLORAR AS RELACIÓNS CO CONCELLO, ANPA E OUTRAS INSTITUCIÓNS

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30/06/2023
Responsables:	Dirección e Concello		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 13	Medición do obxectivo	13 /13 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIÓNS		
<i>Promover a dotación, mantemento das instalación e material necesario</i>	Reforma dos baños do profesorado do segundo andar	Realizanse obras dos baños do profesorado do segundo andar en agosto	
	Pintado do patio da cafetería e do patio cuberto	Realizase o pintado do patio da cafetería e do patio cuberto en agosto	
	Pintado da fachada do centro	PENDENTE	
	Reforma da aula de música do segundo andar	Faise a reforma da aula de música do segundo andar en agosto	
<i>Establecer canles áxiles de comunicación cos distintos servizos do Concello</i>	Solicitar (cadeiras e mesas) novo material a Xefatura Territorial	Material para dúas aulas (cadeiras e mesas) solicitado e recibido	
	Reunión inicial co alcalde Alberto González	Reunión co alcalde feita o martes 13 de setembro de 2022	
	Entrevista co responsable de obras do Concello	Reunión co responsable de obras feita o martes 13 de setembro de 2022	
	Renovación da nova representante do Concello no Consello Escolar	O día 11-10-2022 nombranse a Rosa Ana García como representante	
<i>Facilitar o uso das instalacións para as actividades que oferta o Concello</i>	Enviar peticións de actuación e obras a facer no colexio para o curso 23-24	O día 17 de setembro se envían as petición de obras ao Concello	
	Cesión de instalacións para a celebración de actividades deportivas e lúdicas	Apróbase na reunión de dirección do 11 de outubro a cesión para AAEE	
	Cesión de instalacións para realizar exames e probas	Apróbase na reunión de dirección do 11 de outubro a cesión para exames	
	Cesión de instalacións para cursos	Apróbase na reunión de dirección do 11 de outubro a cesión para cursos	
	Outras cesións de instalacións	Apróbase na reunión de dirección do 11 de outubro estudar no seu momento a cesión de instalación para outros fines diferentes aos anteriores	

OBXECTIVO Nº 3 : FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NA XESTIÓN DO CENTRO DOS INTEGRANTES DA COMUNIDADE ESCOLAR.

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30/06/2023
Responsables:	Dirección, Xefes de Estudo, Titores, Familias e Departamento de Orientación		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 11	Medición do obxectivo	11/11 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIÓNS		
<i>Ofrecer información ás familias e dispoñibilidade para debater e atender as peticións</i>	Informar sobre as medidas COVID-19 para o inicio de curso	Publicación do protocolo o mércores 8 de setembro	
	Establecer canles de comunicación fluidas coas familias	Establecidos a través de abalar móbil, edxigal, e correo corporativo	
	Envío de circular sobre as normas do inicio de curso	Envíase e publícase na web a circular o día 6 de setembro de 2022	
	Participación do director do centro na reunión de setembro do ANPA	Reunión feita o 5 de setembro de 2022	
	Reunión co alumnado por parte do director e xefes de estudo	Reunión feita o 8 de setembro de 2022	
	Reunión coas familias por parte do profesorado titor para priorizar a figura do titor/a como intermediario entre as familias e o centro	Reunións feitas durante os meses de setembro e outubro	
	Entrega as familias unha circular ao final de curso con toda a información relevante	Circular enviada e publicada o 20 de xuño de 2023	
<i>Facilitar o uso das instalacións para actividades que oferta a ANPA</i>	Cesión dun local no centro para a sede do ANPA	Cedido o local no edificio da casa do conserxe	
	Cesión do comedor do centro para as reunións que celebre o ANPA	Cesión feita e recollida no Claustro do 11-10-2023	
	Cesión das instalacións de ximnasio e patio cuberto para o festival de Nadal do ANPA	Cesión feita e recollida no Claustro do 11-10-2023	
<i>Deseñar, dentro da programación do Departamento de AECE, obradoiros, xornadas, etc que favorezcan a integración das familias na vida do centro:</i>	As familias despois de dous anos de pandemia volveron a participar e diferentes actividades		

OBXECTIVO Nº 4 : INTEGRAR OS PLANES ELABORADOS NO PEC

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, Equipo de Formación, CFR, Administración educativa, Profesorado implicado no Contrato-Programa e Departamento de Orientación		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 23	Medición do obxectivo	24 /24 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIÓNS		
<i>Redactar o Plan Xeral Anual do centro.</i>	Entrega do documento ós compoñentes do Claustro e do Consello Escolar para a súa lectura e posibilidade de que aporten modificacións.	Se fai entrega do documento con Claustro e Consello do día 05-09-2022	
	Reunión do Claustro e do Consello Escolar para a aprobación do P.X.A., se procede.	Reunións feitas o 11-10-2022	
	Envío á Inspección do P.X.A.	Envíase a inspección via sede electrónica o día 12-10-2022	
	Difusión do P.X.A. no centro	Envíase copia da PXA polo correo corporativos e publícase na paxina web	
<i>Plan de Formación do Profesorado</i>	Nombramiento de un Coordinador de Formación do Profesorado no centro	Revisase na primeira CCP do mes de setembro	
	Detección de necesidades formativas	O profesorado inscríbese durante os meses de outubro e setembro	
	Revisión dos itinerarios e actividades a desenvolver do PFPP	Informase ao claustro o día 11-10-2022	
	Inscripción do profesorado	No mes de novembro	
	Información ao Claustro	Noméase a Antonio Cebreiro como coordinador do PFPP o 11-10-2022	
	Inicio das actividades de formación	Durante o mes de outubro o profesorado remite ao coordinador as súas necesidades de formación	
<i>Contrato-Programa</i>	Remisión vía email de toda a información recibida sobre cursos de formación que poidan ser de interés para o equipo docente en todas as etapas.	Periodicamente o coordinador via email remite a información que chega sobre curso de formación	
	Solicitud de continuidade do Contrato-Programa á Administración educativa	Solicitados no mes de setembro dos contratos programas	
	Confirmación das actividades programadas co equipo docente	Na CCP do 8 de novembro de 2022	
	Confirmación do profesorado implicado	Na CCP do 8 de novembro de 2022	
	Presentación da solicitude detallada mediante aplicación informática	Na CCP do 8 de novembro de 2022	
	Reunión na Inspección Educativa para a revisión da solicitude	As actividades començaron xa no mes de outubro	
	Posta en marcha das actividades una vez aprobadas pola Consellería.	Seguimento trimestral a través do análise do centro que se presenta a Claustro e Consello	
	Seguimento das actuacións ao longo do curso escolar	No claustro de final de curso do día 30 de xuño de 2023	
	Presentación dos resultados ante o Claustro	No claustro de final de curso do día 30 de xuño de 2023	
Proposta do Claustro sobre a continuidade do Contrato-Programa para o vindeiro curso	Solicitados no mes de setembro dous contratos programas		
<i>Outras actuacións</i>	Debater aprobar e incluír no PEC as modificacións feitas ao mesmo	No claustro de final de curso do día 30 de xuño de 2023	
	Desenvolver seccións bilingües en primaria e secundaria	Acórdase continuar coas seccións bilingües no curso 23-24	
	Potenciar os proxectos innovadores posto en marcha (aula virtual e libros dixitais)	Acórdase continuar cos proxectos innovadores no curso 23-24	
	Desenvolver os proxectos Erasmus e Club de Ciencia	Acórdase continuar cos proxectos Erasmus no curso 23-24	

OBXECTIVO Nº 5 : IMPLEMENTAR A CONVIVENCIA E IGUALDADE

Plan anual do curso académico		2022-23	
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 13	Medición do obxectivo	13 /13 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIÓNS		
<i>Manter a boa convivencia no noso centro</i>	Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado que normalmente pasan desapercibidos sendos empre os aspectos negativos os que teñen máis repercusión	Recollido no plan de convivencia revisado en outubro do 2022	
	Fomentar a información e o intercambio de ideas coa recollida periódica de suxerencias de mellora	A través das titorías e o departamento de Orientación	
	Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación	A través do plan de mediación	
	Acoller adecuadamente ao alumnado de nova incorporación	Ao alumnado novo fáiselle unha visita guiada polo centro	
<i>Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro</i>	Propoñer uns criterios pedagóxicos funcionais de distribución do alumnado nos grupos	Feito ao inicio de curso e explicado polos titores	
	Participar nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello, así como a colaboración coa ANPA	Feito , contacto fluído e continuo con ANPA e Servizos Sociais	
	Potenciar o establecemento de xogos, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado do contorno, etc	Feito en todas as conmemoracións e na dinámica cooperativa das aulas	
	Actualizar o Plan de Convivencia e velar polo seu cumprimento	Feito en outubro polo D.O.	
<i>Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero</i>	Non atribuír roles sexistas	Elaborado polo D.O. e a comisión de convivencia	
	Dinamizar as función dos delegados e delegadas de curso coa axuda dos titores e titoras e o Departamento de Orientación	Reunión trimestrais do delegados co xefe de estudos	
	Evitar o uso de linguaxe sexista en todos os documentos e comunicación e na vida do centro	Feito toda a documentación oficial segue ese criterio	
	Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia...	Feito en todas e cada una das actividades docentes e lúdicas	
	Fomentar o estudo de personaxes femininos	Durante todo o curso escolar a través do proxecto Iguala-T	

OBXECTIVO Nº 6 : PROMOVER AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, Equipo de ACE e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 13	Medición do obxectivo	15 /15 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIÓNS		
<i>Dirixir a dinamización</i>	Renovación do responsable das actividades complementarias e extraescolares	Na CCP do 05-11-22 continua Luisa Pita como coordinadora	
	Elección dos membros das actividades complementarias e extraescolares	Queda recollida na PXA aprobada para o curso 22-23	
<i>Organizar actividades que potencien o coñecemento do entorno.</i>	Participar en proxectos para potenciar o entorno	Participación no proxecto "Xogade", Saída a Lagoa...	
	Proxectos en Educación Primaria para o coñecemento do noso entorno	Saídas a coñecer o entorno dos diferentes niveis	
	Proxectos en Educación Secundaria para o coñecemento do noso entorno	Saídas a coñecer o entorno dos diferentes niveis	
	Desenvolver o curso da "Contorna" dentro do PFPP	O curso realizase dentro do PFPP	
<i>Continuar elaborando a base de datos das actividades para os distintos niveis e departamentos</i>	Elabóranse menús na páxina web dinámica para aloxar aí as fichas das actividades	Feito en setembro e revisado periódicamente	
	Recoller na base de datos da páxina web as actividades do 1º trimestre recollidas na PXA	Feito data 20 de decembro	
	Recoller na base de datos da páxina web as actividades do 2º trimestre recollidas na PXA	Feito data 20 de abril	
	Recoller na base de datos da páxina web as actividades do 3º trimestre recollidas na PXA	Feito data 29 de xuño	
<i>Preparación e desenvolvemento dos festivais e da excursións</i>	Recuperar o Festival do Nadal , se a situación de pandemia o permite	Faise o festival o 22 de decembro	
	Festival do Entroido se a situación de pandemia o permite	Faise o festival o 17 de febreiro	
	Festival de Fin de Curso se a situación de pandemia o permite	Faise o festival o 21 de xuño	
	Semana Blanca 22-23	A actividade realizase a semana do 18 ao 24 de marzo	
	Outras actividades a realizar no curso 2022-23	Recollidas na análise xeral do centro	

OBXECTIVO Nº 7 : IMPLEMENTAR O PLAN DIXITAL DO CENTRO

Plan anual do curso académico		2022-23	
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, Equipo de ITC e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 18	Medición do obxectivo	18 /18 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIONES		
<i>Adquirir competencias dixitais e usar ferramentas de xestión relacionadas co traballo organizativo do centro</i>	O equipo directivo usa ferramentas dixitais no seu traballo diario	A totalidade do equipo directivo usa ferramentas dixitais	
	Automatizar a lo menos tres procedementos administrativos relacionados coa xestión do centro	Automatizanse máis de tres procedementos de xestión do centro	
	Realizar alguna formación en ferramentas dixitais	Si se reolle esa formación no PFPP do curso 2022-23	
	Traballar cos contidos recollidos na aula virtual do CPI Atios	Os departamentos e ciclos teñen os contidos subidos na aula virtual	
	Optimizar os recursos para reducir as carencias e deficiencias de material informático	Todas as aulas xa dispoñen de portátil, canón e pizarra , para as deficiencias temos contratada unha empresa de mantemento informático	
<i>Por en práctica o plan</i>	Presentar e aprobar o plan no Claustro e no Consello escolar	Se presenta ao Claustro e Consello o día do 11 de novembro de 2022	
	Informatizar progresivamente as aulas	As aulas do centro contarán con pizarras dixitais de 75 e 85 polgadas	
	Reforzar as competencias básicas a través das novas tecnoloxías	Feito polos departamentos durante todo o curso (recolle nas actas)	
	Implementar os plan dixital nas programacións didácticas	Todas as programacións implementan o plan dixital	
<i>Dinamizar a páxina WEB</i>	Organizar charlas sobre a seguridade e cyberbullying en internet	Feitas nas charlas do plan director en abril do 2023	
	Manter a páxina ao día e facer participe dela a toda Comunidade Educativa	Feito polo equipo de dinamización das TICs	
	Manter e aumentar o uso da aula virtual como instrumento para o ensino	Feito polos diferentes ciclos e departamentos	
	Potenciar a actividade de blogues do profesorado, Atios TV, etc	O profesorado sube contidos a estes espazos da páxina web	
<i>Implementar Edixgal</i>	Actualizar os contidos e transmitir información relevante a través da web	A información da páxina web é revisada diariamente e actualizada	
	Curso de formación no PFPP	Desenvolvese o curso EDIXGAL no PFPP	
	Reparto de Pcs ao alumnado	Feito no mes de setembro de 2022	
	Reparto de Pcs ao profesorado	Feito no mes de setembro de 2022	
	Asignaturas en formato Edixgal	Todas as asignaturas da ESO están accesibles en formato Edixgal	

OBXECTIVO Nº 8 : MELLORAR O SERVIZO DE COMEDOR

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/22	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, responsable do comedor, cociñeiras e persoal colaborador		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 13	Medición do obxectivo	11 /13 ACTUACIONES 84,6 % Obxectivo acadado
META	ACTUACIONES		
<i>Revisión do Proxecto de Funcionamento do Comedor</i>	Revisar e redactar o Plan do Comedor antes do inicio das actividades lectiva	Feito durante setembro de 2022	
	Adequar o espazo do comedor as novas normas unha vez superadas as restricións da COVID-19	Feito no consello do día 05 de setembro do 2022	
	Aprobación dos baremos para as persoas colaboradoras e encargadas do comedor	Feito o 21 de xaneiro de 2023	
	Presentar o Proxecto de Comedor ao Consello Escolar para a súa aprobación	Feito o 11 de outubro de 2022	
	Seguimento e valoración do Proxecto de Comedor	Cada trimestre e se presenta ao Consello Escolar	
<i>Reparación das deficiencias na cociña.</i>	Solucionar as deficiencias atopadas na inspección de sanidade feita o curso 2022-23	NON SE FAI	
	Dotar de máis mesas e cadeiras ao comedor	No mes de outubro chegan novo mobiliario para o comedor	
	Compra de menaxe e outros utensilios de uso cotiá na cociña e no comedor	Feito ao longo do curso 22-23	
	Realizar un proxecto para a reforma integral de cociña e comedor	NON SE FAI, previsto para xulio de 2023	
<i>Elaboracións de menús equilibrados</i>	Elaborar os menús dos meses de setembro, outubro e decembro con criterios saudables	Feito o 08 de setembro	
	Elaborar os menús dos meses de xaneiro, febreiro, e marzo con criterios saudables	Feito o 10 de xaneiro,	
	Elaborar os menús dos meses de abril, maio e xuño con criterios saudables	Feito o 01 de abril	
	Continuidade dos menús "Venres Gastrónomicos" como se recolle no Proxecto de Comedor	Feitos todos os últimos venres de mes	

OBXECTIVO Nº 9 : POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA

Plan anual do curso académico	2022-23		
Data de inicio das actividades	01/09/21	Fin das actividades	30-06-2023
Responsables:	Equipo directivo, EDLG e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 10	Medición do obxectivo	10/10 ACTUACIONES 100% Obxectivo acadado
META	ACTUACIONES		
<i>Colaborar e prestar apoio ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega</i>	Renovar á responsable do EDLG	Continua como responsable Vanessa Pita	
	Divulgar e impulsar as reunión e actividades realizadas polos membros do equipo	Feito a través do Plan do Fomento do Galego	
	Promover a participación do alumnado nas actividades e reunión do EDLG	Feitas reunión trimestral cada segundo xoves de mes	
	Potenciar o espazo adicado ao EDLG na páxina web do centro coa publicación de novas	Feito se publican artigos, fotos e videos periódicamente	
<i>Potenciar o uso de Galego no centro</i>	Usar sempre o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc	Feito diariamente	
	Redactar e actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro	Feito e aprobado o 11 de outubro de 2022	
	Redactar o Plan de Fomento da Lingua Galega	Feito coas celebracións dos Maíos, Letras Galegas	
<i>Realizar e publicitar as actividades relacionadas co uso do galego</i>	Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia	Feito diariamente	
	Participar en actividades como Teatro con G, Mocidade coa Lingua, Poexia e Imaxe	Feitas as participación e acadando varios premios	
	Celebrar festas como o Magosto, os Maíos, Letras Galegas	Celebradas en novembro, e maio	
	Colaborar en proxectos como os "Venres Gastronómicos", "TV Atios" e saídas culturais organizadas polo departamento de Lingua e Literatura Galega	Colaboran activamente en todos os proxectos enumerados	

3. ANÁLISE E VALORACIÓN DO RENDEMENTO ESCOLAR DO CENTRO.

3.1. EDUCACIÓN INFANTIL

<i>SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL</i>			
ALUMNADO con flexibilización da escolarización	NON		SI X
Número de ALUMNADO con flexibilización da escolarización	4º EI	5º EI	6º EI
		0	0
Observacións :			

Na **clase de 4º A de EI** a titora sinala retroceso observado nos alumnos durante o seu tempo de baixa de xeito que en casos particulares houbo que intervir coas familias para reconducir certas conductas que afectaban á convivencia na aula, pero tamén o avance xeral en canto a lectoescritura. Na clase de 4º B de EI o titor reconece rematar o curso satisfeito coa evolución do seu grupo, saben relacionarse, pedir axuda e sobre todo gañaron en autonomía.

Na **clase de 5º de EI** a titora relata que segue a ter un grupo movido e falador e cunha morea de problemáticas distintas que foi describindo unha a unha no transcurso da reunión de avaliación.

Na **clase de 6º de EI** a titora expón que ten un grupo no que observa melloría dende o inicio de curso, unido pero ao que lle costa atender e no que observa alumnado con certa dificultade para a cooperación e o traballo en equipo.

Nesta etapa educativa a **metodoloxía está baseada no construtivismo, o traballo por** proxectos e o traballo cooperativo, a expresión plástica e o traballo con pequenos textos moitas veces relacionados con contos.

O alumnado de Educación Infantil na maioría dos casos acadou os **obxectivos** propostos na programación para este trimestre.

O seguimento desta **programación** fíxose nas reunións de ciclo e na sesión de avaliación. Nesta avaliación foi impartido o 80% da programación prevista pois as faltas do alumnado por diversos virus e enfermidades fo i unha constante tamén ao longo do terceiro trimestre.

A **avaliación** dos procesos de aprendizaxe fíxo se tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo; na maioría dos casos os resultados foron satisfactorios.

A orientadora do centro foi puntualmente informada do **alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe, cada caso foi** valorado segundo as súas capacidades e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes.

As **propostas de mellora** Foron enfocadas a:

- Favorecer a comunicación coas familias
- Introducir aos nenos/as na lectoescritura a través dos contos, e favorecer a adquisición de novo vocabulario
- Seguir cotraballo cooperativo e o traballo por proxectos, buscando o achegamento ao medio natural e explotando todas as posibilidades creativas dos pequerrechos e empregando os contos e os pequenos textos como elemento motivador cara á iniciación na lectoescritura..

2. EDUCACIÓN PRIMARIA.

2.1. 1º Nivel

PRIMERO EDUCACIÓN PRIMARIA									
NÚMERO DE ALUMNADO									40
ALUMNADO REPETIDORES									0
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0	REFORZO:7 (pt)		OUTROS: 2 (al)				
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS									36
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA									0
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS									1
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS									3
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	L. Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
40	40	40	40	36	36	36	37	40	
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed. Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
0	0	0	0	4	4	4	3	0	
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño)									0
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS									0
MATERIAS NON CONFORMES									0

2.2. 2º Nivel

SEGUNDO EDUCACIÓN PRIMARIA

NÚMERO DE ALUMNADO									42
ALUMNADO REPETIDORES									0
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0		REFORZO: 6		OUTROS: 2			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS									41
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA									0
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS									1
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed.Art.	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
42	42	42	42	41	42	41	41		42
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
0	0	0	0	1	0	1	1		0
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño)									0
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS									0
MATERIAS NON CONFORMES									0



2.3. 3º Nivel

EDUCACIÓN PRIMARIA 3ºNIVEL

NÚMERO DE ALUMNADO									44
ALUMNADO REPETIDORES									0
ALUMNADO CON NEAE									
CON ACI: 1			REFORZO: 9			OUTRAS:2			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS									43
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA									1
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed.Art.	E Física	L. Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
44	44	44	44	44	43	44	44		44
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed Art.	E Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
0	0	0	0	0	1	0	0		0
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño)									0
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS									0
MATERIAS NON CONFORMES									0

2.4. 4º Nivel

<i>EDUCACIÓN PRIMARIA 4º NIVEL</i>									
NÚMERO DE ALUMNADO								36	
ALUMNADO REPETIDORES								0	
ALUMNADO NEAE		ACI: 1		REFORZO: 7		OUTRAS: 0			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS								36	
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA								0	
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS								0	
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS								0	
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS								0	
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Mat	Inglés	Rel	Val
36	36	36	36	36	36	36	36	36	
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	EdArt.	Ed.Física	L.Castelá	L. Galega	Mat	Inglés	Rel	Val
0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño)								0	
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS								1	
MATERIAS NON CONFORMES								0	

2.5. 5º Nivel

<i>EDUCACIÓN PRIMARIA 5º NIVEL</i>									
NÚMERO DE ALUMNADO								49	
ALUMNADO REPETIDORES								0	
ALUMNADO CON NEAE			ACI: 1		REFORZO: 5		OUTRAS: 2		
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS								47	
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA								1	
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS								0	
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS								3	
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS								0	
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed.Art	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
48	49	49	49	48	47	49	49		49
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed.Art	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores
1	0	0	0	1	2	0	0		0
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño)								0	
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS								0	
MATERIAS NON CONFORMES								0	

2.6. 6º Nivel

<i>EDUCACIÓN PRIMARIA 6º NIVEL</i>									
NÚMERO DE ALUMNADO									54
ALUMNADO REPETIDORES									0
ALUMANDO NEAE		ACI: 2		REFORZO: 8			OUTRAS: 0		
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS									49
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA									3
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS									2
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS									1
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed.Art.	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Mat	Inglés	Rel	Val
53	54	54	54	53	50	52	52		54
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed. Art	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Mat	Inglés	Rel	Val
1	0	0	0	1	4	2	2	0	
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (curbir en xuño)									1
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS									0
MATERIAS NON CONFORMES									0

ANÁLISE DA TERCEIRA AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Os **resultados** da terceira avaliación foron bos a pesares das dificultades que supón impartir o currículo ao tempo que se levan a cabo moitas actividades propias do fin de curso: excursións, conta contos, charlas, teatro, saídas á praia, ...

A **metodoloxía** empregada nas aulas tentou fomentar a participación do alumnado na súa propia aprendizaxe e potenciar a creatividade, fomentar o traballo en equipo dentro dun modelo de aprendizaxe cooperativa, e fomentar a autonomía dos alumnos á hora de aprender a través do traballo por proxectos. En educación infantil os proxectos de ciencias foron o principal foco de atención deste trimestre, ademais dos obradoiros conas familias que tiveron lugar nos últimos días de escola. Nas aulas de 1º e 2º continuouse a traballar coa metodoloxía do **ABP** (aprendizaxe baseada en proxectos) e o **traballo con textos**. Nas aulas de 3º e 4º continuou o traballo con **Proxecto Ríos**, fixéronse as saídas ao río da Lóngara, a análise das mostras de auga recollidas no laboratorio, elaboráronse os informes de Proxecto Ríos e os Decálogos de coidado dos ríos. En cuarto ademais, no terceiro trimestre fíxose un esforzo por colaborar co programa de **radio escolar e Polos creativos**. En 5º e 6º nivel continúaase a traballar dentro do **proxecto e-dixgal e o fomento dos hábitos saudables** a través da materia de ITI, e neste trimestre tamén, realizouse un intenso traballo de teatro escolar dentro do programa de dinamización lingüística **Teatro con G**.

Os equipos de Dinamización lingüística e de Biblioteca colaboraron na organización de diferentes actividades da festa dos Maios e no Día das Letras Galegas buscando sempre fomentar o emprego do galego nas aulas e a realización de lecturas acordes coa idade dos lectores e a época do ano ou efemérides a celebrar.

Durante o terceiro trimestre tiveron lugar diversos actos para conmemorar os **50 anos de historia do noso colexio**:

- Primeiro unha **exposición** na Casa da Cultura de Valdoviño na que se recollíu diverso material gráfico e obxectos relacionados cos 50 anos de vida do CPI de Atios
- en segundo lugar unha grande **cea-baile** na que puido participar toda a comunidade educativa do centro, ex alumnos, ex mestres e ex membros da comunidade educativa
- en terceiro lugar, unha grande **festa fin de curso** con música e diversas actividades de animación; hinchables, camas elásticas, xogos xigantes, festa da escuma, e na que nos acompañaron as familias que quixeron facelo.

O cumprimento das programacións revisouse nas reunións de ciclo e nasesión de avaliación.

En canto á **avaliación**, a porcentaxe de alumnado que superou todas as materias é do 95% no total da etapa, e por niveis como aparece na táboa:

1ºEP	2ºEP	3ºEP	4º EP	5ºEP	6ºEP
90%	98%	98%	100%	96%	91%

O **alumnado con dificultades de aprendizaxe** foi avaliado segundo as súas capacidades e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumna ou alumno. Revisáronse os apoios que se establecerán na reunión da segunda avaliación para axustarse ás necesidades xurdidas durante o trimestre.

As **propostas de mellora** foron encamiñadas a potenciar os aspectos seguintes:

- **A dinamización lingüística, o fomento da lectura e o uso da Biblioteca Escolar**

- **O traballo en favor da igualdade e o respecto á diversidade**, con especial implicación por parte do departamento de Orientación.

- **A comunicación coas familias**

Dende os equipos tanto directivo como de Dinamización Lingüística, de Actividades Extraescolares e de Biblioteca, e tamén dende as titorías se está a facer un grande esforzo para manter abertas canles de comunicación coas familias empregando a páxina web do centro, o espazo Abalar e as aulas virtuais principalmente. A celebración do 50 aniversario está a manter un especial vínculo de unión entre todos os membros da comunidade educativa e os veciños do concello de Valdoviño.

- **O traballo cooperativo como forma de aprender eficaz e inclusiva**

- **Implementación de actividades STEAM e Polos Creativos**

Ao longo de todo o curso os mestres de Atios están a intentar cadrar o emprego dos materias doados ao centro polo Proxecto de Polos creativos nas súas programacións de aula, fomentar todo tipo de actividades creativas xa sexa a través da lectoescritura, a través da plástica e tamén a través das clases de ciencias.

- **Introdución ao traballo por proxectos**


Varios mestres do cole están a participar nun curso sobre proxectos e nas súas aulas están a introducir as secuencias e tipos de actividades que os mestres dos cursos lles están a ensinar.

- **Potenciación das ferramentas dixitais e os entornos virtuais dentro e fora da aula**

- **Realización de saídas ao aire libre**

3.- EDUCACIÓN SECUNDARIA

Tal e como recolle a Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se modifica a Orde do 20 de maio de 2022 “a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023” e “a sesión da 3ª avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final”. Polo tanto, tendo isto en conta, o alumnado que superou todas as materias supón o **72% do total (aproban todo 137 alumnos dun total de 190)** na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Esta porcentaxe é bastante superior á obtida na primeira e segunda avaliación deste curso 2022-2023 que foi do 49 e do 45% respectivamente. Por niveis, as porcentaxes son as seguintes:




Como se ve na gráfica, a **porcentaxe de alumnos que aproban todas as materias nos catro niveis é superior ó 50%, excepto en 3º de PDC, que é do 40%. En 1º e 2º de ESO esta porcentaxe é lixeiramente superior ao 80% no caso de 1º ESO e inferior en 2º de ESO mentres que en 4º de ESO quédase no 65%.**

3.1.- 1º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 1º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								36
ALUMNADO REPETIDOR:								1
ALUMNADO NEAE		ACI: 4	REFORZO: 12		OUTRAS: 0			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								31
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								3
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								1
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								0
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								2
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
BiXe: 33	CCSS: 35	EF: 36	LC: 35	LG: 35	Mat: 33	EPVA: 35	Fr: 25	Ingl: 35
ReCa: 21	Pro.Comp: 16	Tec.Dix: 34						
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
BiXe: 4	CCSS: 2	EF: 1	LC: 2	LG: 2	Mat: 4	EPVA: 2	Fr: 0	Ingl: 2
ReCa: 0	Pro.Comp: 0	Tec. Dix: 3						
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN : (cubrir en xuño)								1
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								1


Neste nivel hai 6 alumnos exentos de francés con reforzo en matemáticas e 6 alumnos exentos de francés con reforzo en lingua galega.



3.2.- 2º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 2º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								62
ALUMNADO REPETIDOR:								0
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 8	REFORZO: 19		OUTRAS:			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								47
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								2
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								4
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								3
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								6
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
FeQ: 52	CCSS: 56	EF: 62	LC: 53	LG: 55	Mat: 54	Fr: 43	Ingl: 52	Mús: 60
Tec: 60	Va Ét: 38	ReCa:24	ObPV: 34	Xad: 27				
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
FeQ: 10	CCSS: 6	EF: 0	LC: 9	LG: 7	Mat: 8	Fr: 0	Ingl: 10	Mús: 2
Tec: 2	Va Ét : 0	ReCa: 0	ObPV:1	Xad: 0				
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA: (a cubrir en xuño)								6
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS: 0 (%)								0

Neste nivel hai, neste terceiro trimestre, 9 alumnos exentos de francés con reforzo en matemáticas e 10 alumnos exentos con reforzo en lingua castelá. Sinalar tamén que hai dous alumn@s que están exentos da materia de música.




3.3.- 3º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 3º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								36
ALUMNADO REPETIDOR:								1
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0		REFORZO: 0		OUTRAS: 0		
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								25
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								2
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								5
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								1
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								4
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
BiXe: 31	CCSS: 34	EF: 37	EPVA: 35	FeQ: 28	LC: 32	LG: 36	Mat.N-Bil : 15	Mus: 36
							Mat Bil : 14	
Ed. Val e Éticos: 37	Fr: 19	CuCla: 7	Ingl: 32	ReCa: 29	P.Comp: 8	EDix: 11		
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
BiXe: 6	CCSS: 3	EF: 0	EPVA: 2	FeQ: 9	LC: 5	LG: 1	Mat.N-Bil : 6	Mus: 1
							Mat Bil : 2	
Ed. Val e Éticos: 0	Fr: 0	CuCla: 0	Ingl: 5	ReCa: 0	P.Comp: 0	EDix: 0		
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN: (cubrir en xuño)								4
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								0



3.4.- PDC 3º ESO


EDUCACIÓN SECUNDARIA 3º CURSO ESO C								
NÚMERO DE ALUMNADO:								3
ALUMNADO REPETIDOR:								2
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0	REFORZO: 0		OUTRAS: 0			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								2
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								2
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								1
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								0
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								0
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
ACT: 5	ASL: 5	Edu. Dix: 2	Mus: 3	EF: 4	EPVA: 5	ReCa: 5	CuCla: 2	
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
ACT: 0	ASL: 0	Edu. Dix: 0	Mus: 2	EF: 1	EPVA: 0	ReCa: 0	CuCla: 1	
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN: (cubrir en xuño)								0
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								0



3.5- 4º ESO


EDUCACIÓN SECUNDARIA 4º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								48
ALUMNADO REPETIDOR:								1
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0	REFORZO: 0		OUTRAS: 0			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								32
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								8
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								4
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								5
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								0
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
CCSS: 42	VaEt: 18	EF: 48	LC: 49	LG: 47	Tec: 7	MatAc: 34	BiXe: 28	ReCa: 31
FeQ: 25	EPVA: 35	Mus: 18	TIC: 11	Ingl: 48	Fr: 14	Latín: 11	MatAp: 6	CAAP: 6
InAEE: 6	Eco: 11	CuCi: 13						
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
CCSS: 7	VaEt: 0	EF: 1	LC: 0	LG: 2	Tec: 0	MatAc: 9	BiXe: 4	ReCa: 0
FeQ: 7	EPVA: 0	Mus: 0	TIC: 0	Ingl: 1	Fr: 0	Latín : 0	MatAp: 0	CAAP: 0
InAEE: 0	Eco: 0	CuCi: 0						
ALUMNADO QUE NON TITULAN:								0
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								0

Sinalar que neste nivel unha alumna está exenta das materias de música e de educación plástica e visual.




ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NA ESO E AS SÚAS POSIBLES CAUSAS

En liñas xerais, e tal como se pode ver na gráfica, temos que dicir que o número de aprobados en 1º, 2º e 3º de ESO ronda o 70% ou o supera mentres que no nivel superior, en 4º de ESO, é lixeiramente inferior (65%). Bastante por detrás atópase 3º de PDC que só acada o 40% de aprobados.



Se facemos esta análise máis polo miúdo, deténdonos en cada grupo, vemos que, o máis salientable é que **2º C é o que ten unha maior porcentaxe de aprobados cun 94%**. Noutro extremo atópase o grupo de 3º de PDC con tan só un 40% de aprobados. Dentro do mesmo nivel as porcentaxes son moi similares en 1º de ESO cun 84% e 83% no grupo A e no B, respectivamente. Nos tres grupos de 2º de ESO hai unha diferenza do 32% entre o que ten maior porcentaxe de aprobados e o que ten o menor (2º B cun 62%, mentres que 2º C é do 94%). En 3º de ESO tamén hai bastante diferenza entre os dous grupos, dun 36%, sendo o grupo B (de matemáticas bilingüe o que ten unha maior porcentaxe de aprobados). Finalmente en 4º de ESO a diferenza entre os dous grupos é do 11%, tendo o grupo A un 70% de aprobados e B un 59%.



Finalmente na seguinte táboa recóllense o número de alumnos que non promocionan por niveis, o número de alumnos que non titulan en 4º de ESO e o número de matrículas de honra dadas neste último nivel. Para isto seguiuise, tal e como sinalamos ao principio, o recollido na orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo de Galicia. Concretamente o artigo 8 (que fai referencia á promoción), o artigo 10 (sobre a titulación en educación secundaria obrigatoria) e finalmente o artigo 12 que especifica o número de matrículas de honra que podemos dar como máximo. Neste curso 2022-2023 foron dúas matrículas como máximo xa que a norma di que é igual ao número enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente en cuarto curso. No noso caso temos 49 alumnos matriculados en 4º de ESO polo tanto o 5% son 2,45 co que como máximo puidemos dar dúas matrículas de honra.

Nivel	Nº de alumnos que non promocionan	Número de alumnos que non titulan	Número de matrículas de honra
1º ESO	0		
2º ESO	6		
3º ESO	4		
3º PDC	0		
4º ESO	0	0	2

Polo tanto, neste curso 2022-2023 promocionou case un 95% do alumnado da ESO e titulou un 100% do alumnado de 4º de ESO.

4. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

4.1 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE PERMANEZA UN A NO MÁIS NO MESMO CURSO

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	16
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8

PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	3
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2

PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

EDUCACIÓN PRIMARIA	0
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

PROGRAMAS DE REFORZO NAS AREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS PARA O ALUMNADO DE 1º E 2º DA ESO. (EXENTOS DE LINGUA FRANCESA)

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	12
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	19

ADAPTACIÓN CURRICULARES

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	2
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	3

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	4
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8

3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

➤ REDUCCIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

➤ AMPLIACIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

ALUMNADO EN PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	5
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

➤ ALUMNADO ATENDIDO POLO PROFESORADO DE PT

En Ed. Infantil e Primaria:	53
En ESO:	21

➤ **PREVISIÓN PARA O PRÓXIMO CURSO**

Necesitan continuar o próximo curso	30
Non se prevé que necesiten continuar o vindeiro curso	7
Valorarase a principios do vindeiro curso a súa continuidade	37

APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE

➤ **ALUMNADO ATENDIDO POLO PROFESORADO DE AL**

En Ed. Infantil e Primaria:	22
En ESO:	3

➤ **PREVISIÓN PARA O PRÓXIMO CURSO**

Necesitan continuar o próximo curso	14
Non se prevé que necesiten continuar o vindeiro curso	6
Valorarase a principios do vindeiro curso a súa continuidade	5

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA Ó CENTRO

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO SOMETIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU ACOSO ESCOLAR

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO PERTENECENTE A FAMILIAS ITINERANTES

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO EXTRANXEIRO

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS	0
GRUPOS DE ADAPTACIÓN DE COMPETENCIA CURRICULAR	0
ATENCIÓN EDUCATIVA A MOZAS EMBARAZADAS	0

4.2. INFORMES PSICOPEDAGÓXICOS E OUTROS INFORMES

AVALIACIÓNS PSICOPEDAGÓXICAS

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

INFORMES CAMBIO DE CENTRO:

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	4

INFORMES SOLICITADOS POLAS FAMILIAS:

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	2
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1

INFORMES PRECISOS PARA TRAMITAR A ADMISIÓN DE ALUMNADO QUE OPTA A POSTO RESERVADO A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	0
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

4.3- ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN INTERNA/EXTERNA

COORDINACIÓN INTERNA

➤ Entre **membros do Departamento de Orientación**

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Entre membros do **Departamento de Orientación** e o **Equipo Directivo**

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Entre membros do **Departamento de Orientación** e as **persoas titoras**

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Entre membros do **Departamento de Orientación** e ó **profesorado**

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

COORDINACIÓN EXTERNA

➤ Coordinación **co centro adscrito** ao Departamento de Orientación (**CRA de Valdoviño**)

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Coordinación **cos centros aos que estamos adscritos** :

IES Catabois

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

IES Terra de Trasancos

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Coordinación **con Servizos Sociais** do Concello

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

➤ Coordinación **con Servizos Sanitarios**

Excelente Boa Aceptable Debe mellorar

OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE

O 13 de febreiro de 2023 empezou a traballar no centro una nova profesora de Pedagogía Terapéutica concedida a tempo completo pola Consellería de Educación. O seu ámbito de actuación foron as etapas de E. Infantil e os catro primeiros cursos de E. Primaria. Tendo isto en conta, organizamos o seu horario priorizando principalmente a atención na propia aula do alumnado. As aulas nas que fixo apoios foron 6º de E. Infantil, (que presenta varios casos de alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo), e todas as aulas de 1º a 4º de Primaria.

Tamén comezou a funcionar un Programa integral para alumnado de Altas Capacidades que foi levado a cabo por unha profesora de E. Primaria e que contou con 6 alumnos e alumnas de 2º e 3º de E. Primaria.

Por outro lado tamén contamos desde principios de curso cun Programa destinado á alumnado ucraíno que está escolarizado no centro. Este programa foi levado a cabo por dúas profesoras de Lingua Inglesa, e que ten como principais obxectivos a integración emocional e social do alumnado implicado e o aumento do dominio do idioma para poder comunicarse cos iguais e co profesorado.

5. INFORME INDIVIDUAL DA AVALIACIÓN INDIVIDUAL DO TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DA AVALIACIÓN FINAL DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Non se levaron a cabo.

6. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CRITERIOS APLICADOS NA CONFECCIÓN DE HORARIOS

Os horarios realizáronse conforme aos criterios establecidos na normativa vixente e aprobada nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Conseguíuse que en calquera momento da mañá haxa algún membro do Equipo Directivo no despacho para solucionar posibles problemas ou atender ás necesidades de Secretaría.

HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

CURSO 2022-23

	L	M	Me	X	V
DIRECTOR: Antonio Cebreiro	11:30-12:20	12:20-13:10	12:20-13:10	12:20-13:10	
XEFA DE ESTUDOS ESO: Tania Ruanova	10:25-11:15	13:25-14:15		11:30-12:20	11:30-12:20
XEFA DE ESTUDOS DE EP: Maria Ruán	10:25-11:15		09:35-10:25	09:35-10:25	09:35-10:25
ORIENTADORA: Cristina Martínez		11:30-12:20	13:25-14:15	12:20-13:10	12:20-13:10

Os horarios finais foron na medida do posible moi axeitados aos intereses do profesorado logrando así favorecer o desenvolvemento das súas funcións docentes nun bo clima de traballo.

Por outra banda, nas celebracións conxuntas e actividades culturais a nivel de Centro, unificouse o horario de Infantil-Primaria co de Secundaria; como o resultado foi positivo, continuaremos na mesma liña nos cursos sucesivos.

7. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Os órganos colexiados cumpriron o calendario de reunións establecidas como mínimos na lexislación vixente así como os marcados no Plan Xeral Anual (salvo modificacións que foron debidamente informadas aos interesados). Ademais, reuníronse noutras ocasións non previstas para o cumprimento das súas funcións, como celebracións de claustros extraordinarios e para programar actividades concretas relacionadas con celebracións e efemérides.

Claustros ordinarios	Consellos ordinarios	Claustros extraordinarios	Consellos extraordinarios
05 de setembro de 2022	05 de setembro de 2022	14 de novembro de 2022	14 de novembro de 2022
11 de outubro de 2022	11 de outubro de 2022	23 de novembro de 2022	01 de xaneiro de 2022
24 de xaneiro de 2023	24 de xaneiro de 2023		
25 de abril de 2023	25 de abril de 2023		
30 de xuño de 2023	30 de xuño de 2023		

Todas as sesións dos órganos de goberno, están recollidas nas correspondentes actas custodiadas polo equipo directivo.

Os órganos unipersoais de goberno intentaron implicar a toda a comunidade educativa con vistas a conseguir as nosas finalidades educativas. Pese ao empeño, non sempre se conseguiu este obxectivo.

Intentouse, por parte do Equipo Directivo, crear un clima relaxado e de estímulo que anime ao profesorado a una participación activa que permítase traballar sen tensións. Salvo momentos puntuais, derivados na maioría dos casos de problemas disciplinarios con alumnos/as de EP e a ESO, este obxectivo conseguiuase.

8. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO E DEPARTAMENTO

Cumpríronse as reunións periódicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de Ciclo e De Departamento reflectidas no calendario establecido no Plan Xeral Anual. Nestas reunións programáronse, analizado e valorado aspectos educativos, chegando case sempre a un consenso nas actuacións e decisións sobre centros de interese, actividades comúns, actividades complementarias, intervención cos pais/nais, medidas concretas con determinados alumnos, acción tutorial, coordinación docente etc. En ocasións, e debido á gran cantidade de actividades programadas, as reunións de ciclo non contaron co tempo necesario.

Os cambios obrigados nas actuación dos diferentes órganos de coordinación pola situación provocada polo estado de alarma, se centraron sobre todo na implementación de medios telemáticos, sobre todo as videoconferencias

A partir de setembro recuperándose as reunións presenciais, pero continúan nalgun caso as reunións telemáticas

9. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

O Plan de Acción Titorial do curso 2022/23 logrou cumprir cos obxectivos propostos de optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado, personalizar os procesos de Ensino/Aprendizaxe así como de coordinar a acción educativa do Equipo Docente ademais de asesorar e axudar o alumnado na súa autoorientación e colaborar coas familias no seu labor educativo.

Para o cumprimento destes obxectivos se levou a cabo entre outras accións as seguintes:

- A presentación do novo curso baseada no coñecemento do centro por parte dos alumnos novos así como o coñecemento dos compañeiros e do profesorado, informando tamén sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- O estudio do expediente dos alumnos e recollida de información relevante para poder realizar a avaliación inicial dos alumnos e a detección das necesidades específicas. Esta avaliación será continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos e poñendo en marcha as medidas de atención oportunas.
- Implicouse a participación de todo o profesorado pero principalmente das persoas titoras, coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación dos xefes de estudos no desenvolvemento das actividades recollidas no Plan de Acción Titorial tanto para Educación Infantil, como Educación Primaria e Secundaria.
- O uso continuo dos recursos materiais dos Departamento de Orientación pois conta con abundante material para o apoio á función titorial como son materiais propios da titoría en grupo, bibliografía sobre como desenvolver a función titorial, bibliografía específica sobre temas específicos a tratar na titoría e materiais elaborados polo propio departamento.

Uso de medios como Espazoabalar, Aula Virtual, EDixgal, videoconferencias e outros medios telemáticos para poder seguir desenvolvendo os plans dinámica implementada dende o inicio da pandemia COVID-19 e que xa quedaron como ferramentas de traballo no noso día a día

- Contamos con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais:
 - Servizos Sociais do Concello (convivencia e resolución de conflitos)
 - Persoal doutros centros (Información Académica e Profesional)
 - Charla da Garda Civil sobre os perigos de internet
 - Familias, Universidades, Forzas Armadas

Como proposta de mellora destacamos xa que a maior parte da función titorial desenvólvese nas propias aulas pero sería convinte contar con máis dun espazo adicado a entrevistas cos pais/nais dos alumnos así como un espazo amplo coa suficiente capacidade para albergar a alumnos e profesores de varios cursos

10.-INFORME DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

Informe da Xefatura de Estudos de EI-EP sobre as incidencias relacionadas coa convivencia escolar

PRIMEIRO TRIMESTRE.

O inicio de curso veu marcado este curso pola desaparición dos protocolos covid e a volata da normalidade total ás aulas de infantil e primaria; a incidencia do coronavirus foi baixa no primeiro trimestre do curso se ben a cautela dos pais ante os resfriados e gripes dos seus fillos tamén está a ser un factor determinante para acadar un entrono saudable nas aulas de infantil e primaria.

En canto aos incidentes ocorridos neste primeiro trimestre do curso destacar os seguintes:

Educación Infantil

Poucos incidentes a sinalar nesta etapa educativa, quizáis o único, alguna dificultade de entendemento entre a escola e a familia dun neno xordo do cole pola limpeza e manexo dos audífonos do neno, pero todo dentro da normalidade, nada que non se resolvera posteriormente co diálogo entre os mestres do neno e a familia.

Educación Primaria

1º Nivel / 2º Nivel EP

Ningún incidente que reseñar nestes cursos.

3º Nivel / 4º Nivel EP

Estamos a ter repetidas queixas sobre o comportamento dun par de alumnas de terceiro tanto no recreo como nos tempos antes e despois do comedor, queixas que se comprobaron e solventaron tras varias conversas entre as titoras e as nenas implicadas, coa intervención da xefa de estudos e coa colaboración das coidadoras do comedor.

5º Nivel/ 6º Nivel EP

Nunha das aulas de sexto, xa no mes de setembro nos atopamos coa rotura dun cristal dunha fiestra provocada polo xogo entre varios compañeiros xusto antes da saída, no tempo de espera dos alumnos para baixar ao comedor e os buses. Os alumnos implicados foron identificados, avisados e castigados por este tipo de comportamentos. No mes de outubro, un par de nais de alumnas de sexto pediron ser recibidos pola xefa de estudos no transcurso da reunión se verteron algunhas acusacións en relación a unha mestra do centro. Posteriormente, nunha segunda reunión entre unha das familias, a citada mestra e a xefa de estudos se falou das citadas acusacións e se dialogou coa familia para facerlle ver o punto de vista da escola nese tema e atopar puntos de encontro.

No mes de novembro volvimos a ter un incidente con outro grupo de alumnos de sexto, un deles xa participou do incidente anteriormente sinalado; nesta ocasión o incidente consistiu en lanzar bolas de papel ao teito do baño. Os rapaces foron identificados e houbo o conseguinte castigo e aviso. Por último citar o incidente entre dous alumnos de sexto no comedor, un dos cales “ameazou” a outro cun coitelo. O persoal do comedor atendeu convenientemente o incidente e o puxo en coñecemento da xefatura de estudos que á súa vez llo comunicou á titora dos nenos para abordar con eles a cuestión.

Dicir que ao longo do trimestre se mantivo contacto estreito cos Servizos Sociais do concello de Valdoviño pois existe unha fonda preocupación pola situación familiar de varios alumnos do centro matriculados en distintos cursos de infantil e primaria. Remato este informe sinalando tamén a preocupación polo alto número de faltas de asistencia de tres alumnos de primaria, ao borde do protocolo de absentismo, e a dificultade para obter destas familias (e dalgunha outra) os pertinentes xustificantes que acompañen a moitas das faltas de asistencia dos seus fillos/as.

SEGUNDO TRIMESTRE.

O transcurrir do segundo trimestre veu marcado polas celebracións: o día de San Valentín que tanto se celebra no noso centro, o Antroido que nos tivo moi atarefados e que este ano se adicou aos 50 anos de historia do CPI de Atios, e os preparativos da celebración do 50 aniversario da escola. Todo iso supuxo un ambiente de moito traballo pero tamén de colaboración entre todos e bos momentos de convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.

En canto aos incidentes ocorridos neste segundo trimestre do curso sinalar os seguintes:

Educación Infantil

Nesta etapa educativa destacar un incidente co pai dun ex alumno do centro sobre o cal tivemos que emitir no seu momento un informe para Menores no que se expresaban observacións totalmente imparciais sobre as que o pai manifestou o seu total desacordo ante os membros do equipo directivo con berros e continuas acusacións.

Educación Primaria

1º Nivel / 2º Nivel EP

Nun dos primeiros estamos a ter graves problemas co comportamento dun alumno que reacciona continuamente con rabietas e incluso certas agresións físicas a os mestres , alumno co que se está a traballar intensamente dende a titoría e o departamento de orientación e en colaboración coa familia. Precisamente a concesión dunha mestra de PT a maiores neste segundo trimestre, nos está a permitir xestionar mellor as dificultades que o comportamento deste alumno poidan xenerar ao longo das mañás de traballo na súa aula.

Dos segundos só sinalar a dificultade que supuxo xestionar as faltas de asistencia dunha alumna cunha grave situación de saúde familiar que implicou o desplazamiento da familia fora da comunidade autónoma, xestión que poidemos levar a cabo gracias á colaboración entre familia, titores e equipo directivo. Esta nena ten un irmán en educación infantil na mesma situación.

3º Nivel / 4º Nivel EP

En terceiro segue a haber problemas de convivencia nos recreos derivados do fútbol, problemas que se van resolvendo nas titorías a base de moito diálogo cos alumnos implicados.

5º Nivel/ 6º Nivel EP

Neste ciclo destacar tres incidentes dos cales un derivou en parte.

Dende hai tempo existe unha mala relación entre dúas alumnas de sexto, mala relación que afecta puntualmente á convivencia no centro (as mestres teñen avisadas a estas dúas alumnas

para que non estean xuntas) e con certa frecuencia á convivencia das nenas fóra do centro (nas redes sociais, en lugares públicos onde as nenas se poidan encontrar) e á convivencia entre as familias das dúas nenas. Dentro do centro, as titoras teñen que intervir con certa frecuencia no tema ou estar pendientes pero non está a acorrer nada grave que destacar. Unha destas alumnas estivo implicada nun enfrentamento cunha compañeira da súa clase que lle tirou dos pelos, o cal derivou nun parte de incidencia para a agresora posto que as agresións físicas non están permitidas no centro en ningún momento, pero deixando constancia de que a rapaza agredida está a ter certos problemas de convivencia tamén con outros compañeiros da clase e que a titora ten que intervir nestes casos.

O terceiro incidente tivo que ver coas queixas que unha nai dunha clase de quinto manifestou en relación a unha das mestras da súa filla, queixas recollidas nunha reunión entre a nai e a xefa de estudos de primaria que tivo lugar a petición da nai, e que foron trasladadas á mestra en cuestión para ser analizadas.

Remato este informe sinalando tamén a preocupación polo alto número de faltas de asistencia de tres alumnos de primaria, de quinto e sexto, ao borde do protocolo de absentismo, e a dificultade para obter destas familias os pertinentes xustificantes que acompañen a moitas das faltas de asistencia dos seus fillos/as. Cunha das familias a xefa de estudos de primaria xa mantivo unha reunión na que avisou das consecuencias de seguir con este proceder; con outra das familias está a intervir a titora, pedindo xustificacións das faltas, previo aviso de que a non xustificación podería derivar nun protocolo de absentismo; coa terceira familia manteráse unha reunión no inicio do terceiro trimestre.

TERCEIRO TRIMESTRE.

O transcurrir do terceiro trimestre veu marcado polas celebracións do mes de maio: a festa dos maios primeiro e o Día das Letras Galegas despois, e por todos os eventos relacionados coa celebración do 50 aniversario (exposición da historia do CPI de Atios, cea-baile conmemorativa, grande festa fin de curso), sen esquecer a multitude de representacións teatrais e contacontos que acolleron as aulas e a biblioteca ao longo deste terceiro trimestre, e as saídas propias de fin de curso. Todo iso trouxo moito traballo para os mestres do centro pero tamén grandes momentos de colaboración entre distintos membros da comunidade educativa e maravillosos momentos de convivencia.

En canto aos incidentes ocorridos durante o terceiro trimestre do curso sinalar os seguintes:

Educación Infantil

A nai dun neno de infantil manifesta a súa disconformidade co funcionamento do comedor escolar, e en concreto, co traballo das coidadoras. Ao tempo que tivo lugar esta denuncia tamén houbo algunha máis que se solventou coas explicacións pertinentes pero que afectou ao clima de traballo entre as coidadoras do comedor durante un tempo, o cal obrigou a intervir ao equipo directivo para reconducir a situación.

Educación Primaria

1º Nivel / 2º Nivel EP

A titora de primeiro A amosoulle ao equipo directivo do centro a súa preocupación pola situación familiar dun dos seus alumnos, de pais separados, preocupación que levou a convocar á nai do citado neno para comentar con ela a situación, e posteriormente supuxo a convocatoria por parte da orientadora do centro da nai para darlle certas pautas que a axudaran a xestionar a educación dos seus fillos na súa casa.

Na mesma aula a mesma titora observa certos comportamentos extraños nunha das súas alumnas, comportamentos que parecen relacionados cun clima de convivencia familiar pouco axeitado para a nena sobre o cal acordamos estar especialmente atentos.

3º Nivel / 4º Nivel EP

Nunha aula de cuarto a titora e tamén o director do centro tiveron que intervir con contundencia para frear a actitude dalgún alumno que de xeito habitual se dirixía a compañeiros e compañeiras empregando un vocabulario soez, fora de lugar e de certo contido sexual.

5º/ 6º Nivel EP

A nai dunha alumna de quinto pideu falar con xefatura de estudos para manifestarlle a súa disconformidade co xeito de proceder da titora da súa filla na aula.

A titora de 6º C emiteu un parte en relación ao comportamento dunha alumna coa que titora e xefa de estudos xa veñen falando habitualmente para frear certas conductas pouca axeitadas nunha nena desa idade. Tamén se mantuvo unha reunión cos pais para informalos destes comportamentos e a orientadora do centro inciou un traballo de seguimento tanto coa nena como coa familia.

Neste trimestre fomos informados da complicada situación familiar dun alumno de sexto sobre o cal xa existía certa preocupación, e do que confirmamos as sospeitas dun ambiente familiar inestable

Informe da Xefatura de Estudos de ESO sobre as incidencias relacionadas coa convivencia escolar

PRIMEIRO TRIMESTRE.

Os problemas de convivencia escolar rexistrados durante o primeiro trimestre do presente curso foron analizados segundo o contemplado na *lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade escolar e o *decreto 8/2015*, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Así mesmo, a concreción destes documentos á realidade do noso centro témola recollida nas Normas de Organización e Funcionamento, NOF. As condutas contrarias á convivencia que se desenvolveron entre o alumnado durante o primeiro trimestre foron clasificadas segundo establecen os artigos 15 e 16 da lei de convivencia en “**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**” e “**Condutas leves contrarias á convivencia**” respectivamente, tal como se reflicte tamén no NOF do centro.

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO.

PARTES DE INCIDENCIAS	GRUPOS		
	A	B	C
CURSO			
1º ESO	0	0	
2º ESO	2	0	0
3º ESO	0	0	0
4º ESO	2	5	
TOTAL	9		

Para a corrección destas condutas tívose en conta o contido tanto no artigo 18 (*Principios xerais das medidas correctoras*) coma nos artigos 21 (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia*) e 22 (*Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*) da lei de convivencia.

2º ESO A

Houbo dous partes de incidencia ao mesmo alumno que supuxo a expulsión do centro durante tres días.

4º ESO A


Neste grupo houbo 2 partes de incidencia a 2 alumnos distintos nesta primeira avaliación.

4º ESO B

Houbo 5 partes de incidencia a alumnos distintos.

Como se pode ver á vista dos datos recollidos na táboa houbo moi poucos partes de incidencia neste trimestre, tan só 9 en total e todos están concentrados en tres grupos: 2º de ESO A e 4º ESO A e B. Como se ve é **4º ESO B o que ten un maior número de partes, 5 dun total de 9, é dicir, un 55% do total, mentres que os outros dous grupos concentran un 22% cada un aproximadamente.**

Dos 7 partes de 4º ESO todos eles corresponderon a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor implicado, o titor, a xefa de estudos ou o director. Porén, os dous partes de 2º ESO corresponderon a faltas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foron atenuadas a leves para intentar diminuír a medida correctora. Estes dous partes, acumulados polo mesmo alumno, derivaron na súa expulsión durante 3 días.



Como resumo global dicir que as 9 incidencias rexistradas (tanto documentalmente como no xade) foron comunicadas directamente ao pai ou nai do alumno. Sinalar ademais que, a pesar de que neste curso xa non hai ningún distanciamento social por culpa da COVID-19, seguimos contabilizando un número baixo de partes de incidencia característico dos cursos nos que si houbo distanciamento.

Así mesmo, no presente trimestre non se tramitou ningún expediente disciplinario entre o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Podemos clasificar o clima de convivencia no centro en secundaria como **BO**.

Finalmente sinalar que no grupo de 4º ESO B hai un/unha alumn@ que ten concedida a **atención domiciliaria educativa** polo que non asiste a clase de forma presencial senón que o fai dende a casa de forma telemática e coa axuda dunha profesora que vai 2 horas á semana a súa casa.

SEGUNDO TRIMESTRE

Os problemas de convivencia escolar rexistrados durante o segundo trimestre do presente curso foron analizados segundo o contemplado na *lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade escolar e o *decreto 8/2015*, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Así mesmo, a concreción destes documentos á realidade do noso centro témola recollida nas Normas de Organización e Funcionamento, NOF. As condutas contrarias á convivencia que se desenvolveron entre o alumnado durante o segundo trimestre foron clasificadas segundo establecen os artigos 15 e 16 da lei de convivencia en “**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**” e “**Condutas leves contrarias á convivencia**” respectivamente, tal como se reflicte tamén no NOF do centro.

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO.

PARTES DE INCIDENCIAS	GRUPOS		
	A	B	C
CURSO			
1º ESO	0	0	
2º ESO	0	3	0
3º ESO	5	1	0
4º ESO	2	0	
TOTAL	11		

Para a corrección destas condutas tívose en conta o contido tanto no artigo 18 (*Principios xerais das medidas correctoras*) coma nos artigos 21 (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia*) e 22 (*Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*) da lei de convivencia.

2º ESO B

Houbo 3 partes de incidencia a distintos alumnos que se resolveron con medidas correctoras por parte do profesorado implicado.

3º ESO A

Neste grupo houbo 5 partes de incidencia neste segundo trimestre, sendo dous deles ao mesmo alumno.

3º ESO B


Houbo 1 parte de incidencia a unha alumna.

4º ESO A

Neste grupo houbo 2 partes de incidencia a dous alumnos distintos.

Como se pode comprobar, á vista dos datos recollidos na táboa, houbo poucos partes de incidencia neste trimestre, tan só 11 en total e todos concentrados en catro grupos: 2º de ESO B, 3º ESO A e B e 4º ESO A pero é 3º de ESO A o que ten a maior porcentaxe, 5 dun total de 11, é dicir, un 45% do total. Sinalar que este grupo tamén tivo unha porcentaxe de aprobados moi baixa, tan só do 19%.

Dos 11 partes 10 deles corresponderon a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor implicado, o titor, a xefa de estudos ou o director. Porén, un parte de 3º ESO correspondeu a unha falta de conduta gravemente prexudicial para a convivencia que foi atenuada a leve para intentar diminuír a medida correctora. Este parte derivou na suspensión de actividades complementarias e extraescolares.



Como resumo global dicir que as 11 incidencias rexistradas (tanto documentalmento como no xade) foron comunicadas directamente ao pai ou nai do alumno/a. Sinalar ademais que, a pesar de que neste curso xa non hai ningún distanciamento social por culpa da COVID-19, seguimos contabilizando un número baixo de partes de incidencia característico dos cursos nos que si houbo distanciamento. Así mesmo, no presente trimestre non se tramitou ningún expediente disciplinario entre o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Podemos clasificar o clima de convivencia no centro en secundaria como **BO**.

Finalmente sinalar que no grupo de 4º ESO B había un/unha alumn@ que tiña concedida a **atención domiciliaria educativa** polo que non asistía a clase de forma presencial senón que o facía dende a casa de forma telemática e coa axuda dunha profesora que ía 2 horas á semana a súa casa. Durante este trimestre foise incorporando pouco a pouco á aula con bo resultado co que se espera que a comezos do terceiro trimestre xa estea incorporada definitivamente dando de baixa así á atención domiciliaria. Así mesmo neste grupo de 4º ESO B concedeuse, a primeiros do trimestre, unha segunda atención domiciliaria a un alumno que dispón tamén da axuda dunha profesora durante 2 horas á semana ademais do profesorado do seu grupo que o atende de forma telemática.

TERCEIRO TRIMESTRE.

Os problemas de convivencia escolar rexistrados durante o terceiro trimestre do presente curso foron analizados segundo o contemplado na *lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade escolar e o *decreto 8/2015*, do 8 de xaneiro, que a desenvolve. Así mesmo, a concreción destes documentos á realidade do noso centro témola recollida nas Normas de Organización e Funcionamento, NOF.

As condutas contrarias á convivencia que se desenvolveron entre o alumnado durante o terceiro trimestre foron clasificadas segundo establecen os artigos 15 e 16 da lei de convivencia en “**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**” e “**Condutas leves contrarias á convivencia**” respectivamente, tal como se reflicte tamén no NOF do centro.

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO.

PARTES DE INCIDENCIAS	GRUPOS		
CURSO	A	B	C
1º ESO	0	1	
2º ESO	3	0	0
3º ESO	2	2	1
4º ESO	1	0	
TOTAL	10		

Para a corrección destas condutas tívose en conta o contido tanto no artigo 18 (*Principios xerais das medidas correctoras*) coma nos artigos 21 (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia*) e 22 (*Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*) da lei de convivencia

1º ESO B

Houbo tan só un parte de incidencia a un alumno.

2º ESO A

Houbo tres partes de incidencia a tres alumnos distintos (para os tres supoñía o primeiro parte do ano).

3º ESO A

Neste grupo houbo dous partes de incidencia ao mesmo alumno.

3º ESO B

Houbo dous partes de incidencia a dous alumnos diferentes.

3º ESO C

Houbo tan só un parte de incidencia a un alumno.

4º ESO A


Houbo un parte de incidencia a un alumno que xa tiña outros dous no curso.

Ó final do trimestre é **2º ESO A**, polo tanto, **a clase que ten un maior número de partes de incidencia, 3 de 10, é dicir, un 30% do total.** Destes 3 partes todos corresponderon a faltas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foron atenuadas a leves para intentar diminuír a medida correctora.

Non obstante, hai que salientar que a gran maioría de incidencias, como é costume, corresponden a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor implicado, o titor, a xefa de estudos ou o director.



Como resumo global dicir que das 10 incidencias rexistradas (tanto documentalmente como no xade) 6 foron de carácter leve e o resto, é dicir 4 (40%) levaron a impoñer medidas correctoras importantes, as cales foron comunicadas directamente ao pai e á nai do alumno. Se facemos un balance global do curso lembremos que no primeiro trimestre houbo 9 partes comunicados á xefatura de estudos, 11 no segundo trimestre e neste último, houbo 10 partes de incidencia. Polo tanto o balance global do curso é moi satisfactorio en canto a número de incidencias.



Así mesmo, no presente trimestre non se tramitou ningún expediente disciplinario entre o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste terceiro trimestre podemos clasificar o clima de convivencia no centro en secundaria como **MOI BO**.

11-. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

O plan comenza a desenvolverse no mes de novembro de 2022, os intereses, necesidades e inquietudes do profesorado van dirixidas claramente a dous aspectos: por un lado o uso, aplicación e utilización do libro dixital EDIXGAL e o Aula Virtual do Centro, o **Traballo Cooperativo** así como a formación en **Competencias Clave** e a avaliación por competencias, derivadas da implantación da LOMCE.

Obxectivos

- Extender e facilitar a formación en TIC e no uso do traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.
- Coñecer e profundizar noutros sistemas educativos europeos para avanzar na competencia lingüística e coñecer diferentes modelos educativos.
- Incluir estratexias de aprendizaxe cooperativo dentro das aulas.
- Formar ao profesorado na aprendizaxe baseada en proxectos.
- Actualización en materia de atención a diversidade e aos cambios metodolóxicos asociados.
- Formación e actualización do profesorado en ámbitos científico-tecnolóxicos, formación STE

- Actualización do profesorado no desenvolvemento de competencias clave e avaliación según os currículos LOMCE e LOMLOE

Itinerarios

- Ensino virtual e novas tecnoloxías
- Enriquecemento curricular. Traballo por proxectos
- Plan dixital de centro
- Escola inclusiva e saudable. Atención á diversidade e igualdade no CPI de Atios
- O desenvolvemento do proxecto Erasmus + no centro
- Polos Creativos

Grupo de traballos, seminarios e cursos

Polo Creativo no CPI Atios	Seminario
Documentación para a atención á diversidade	Grupo de traballo
Creatividade e educación artística	Grupo de traballo
Erasmus+ no noso centro	Seminario
Ambientes e espazos educativos	Seminario
O teatro como estratexia docente	Seminario
Igualdade de xénero	Seminario
Coñecemento da contorna	Seminario
Implementación do Plan Dixital de centro	Seminario
Programacións en Proens	Curso
Uso básico do laboratorio de idiomas	Grupo de traballo
Traballo e formación avanzada en E-Dixgal	Grupo de traballo
Aprendizaxe baseada en proxectos	Grupo de traballo
Actividades para promover hábitos saudables	Seminario
Introdución ao EVA E-Dixgal	Curso

Actividades desenvolvidas

Desígnanse os coordinadores de cada itinerario

- Tania Ruanova coordinará os itinerarios de: Ensino virtual e novas tecnoloxías, Escola inclusiva e saudable. Atención á diversidade e igualdade no CPI de Atios e Polos Creativos.
- Antonio Cebreiro coordinará os itinerarios de Enriquecemento curricular. Traballo por proxectos, Plan dixital de centro e O desenvolvemento do proxecto Erasmus + no centro
-

Desígnanse os coordinadores/as de cada actividade

- As persoas coordinadoras de cada actividade levantan acta das sesións realizadas e estas actas as trasladan aos responsables de cada itinerario quedando recollidas na aplicación “fprofe”.

O traballo realizado nas diferentes actividades está a vosa disposición no enlace da páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/312>

Actividades previstas que non se van a levar a cabo

- F2205198 Creatividade e educación artística
- F2206114 O teatro como estrexeira docente

Actividades finalizadas a data de 30 de maio de 2023

- F2201048 Programacións en Proens
- F2201049 Introducción ao EVA E-Dixgal
- F2205194 Uso básico do laboratorio de idiomas
- F2205195 Traballo e formación avanzada en E-Dixgal
- F2206115 Igualdade de xénero
- F2206116 Erasmus+ no noso centro
- F2206118 Actividades para promover hábitos saudables
- F2205196 Aprendizaxe baseada en proxectos
- F2205197 Documentación para a atención á diversidade
- F2206117 Ambientes e espazos educativos
- F2206119 Implementación do Plan Dixital de centro
- F2206120 Coñecemento da contorna
- F2206121 Polo Creativo no CPI Atios

Puntos fortes:

O interese do profesorado en formarse e manterse actualizado nas novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas, así coma a adaptación á lexislación vixente e os métodos de avaliación competencial.

Os equipos dixital do alumnado foi completamente renovado no pasado curso escolar

Profesorado do propio centro que imparte formación de xeito desinteresado.

O equipamento da aula de informática foi renovado.

Puntos débiles:

A conexión a internet, que aínda que mellorou ás veces falla.

Propostas de melloras:

Renovación paulatina dos equipos informáticos obsoletos.

12-. PLAN DIXITAL

Datos:

Inicio do proxecto : Curso 2021/22

Aulas implicadas: TODAS

Alumnado participante: todo o centro

Profesorado participante: todo o profesorado

Introdución

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 implica que a elaboración dun Plan Dixital no CPI Atios.

Así faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

Principios

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Desenvolvemento

Unha vez elaborado o documento do Plan Dixital que serve de referencia a toda a comunidade educativa, no curso 2022-2023 será efectiva a súa aplicación en base aos obxectivos definidos no plan

Obxectivos

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

Actividades desenvolvidas no primeiro trimestre:

- Nomear coordinador do Plan Dixital:

O coordinador é don Antonio Cebreiro Melero que colabora coa mentora Adix asignada ao centro dona Crisitina Soto que realiza a tarefa de asesora do plan dixital en diferentes centros da comarca de Ferrolterra dende o CPI Atios.

- Definir o equipo de dinamización do plan:

Alonso García, Juan Ramón
Cadarso Vázquez, Santiago
Cebreiro Melero, Antonio
Díaz Prieto, Andrés Manuel
Freire Villar, María Dolores
Ruán Serantes, María José
Ruanova Suárez, Tania María
Martínez Romero Cristina

- Revisión do Plan Dixital:

O equipo de dinamización do plan réunese o día 03 de outubro de 2022 para revisar o plan e fixar o plan da acción para o curso 2022-23, así como os obxectivos a acadar.

Unha vez revisado o plan se presenta para a súa aprobación ao claustroe e consello escolar o 11 de outubro de 2022

- Incluir no Plan de Formación do Profesorado actividades encaminadas ao enriquecemento dixital do profesorado que se detallan a continuación

“Introdución ao EVA E-Dixgal”, “Polo Creativo no CPI Atios”, “Implementación do Plan Dixital de centro”, “Programacións en PROENS” e “Uso básico do laboratorio de idiomas”

Actividades desenvolvidas no segundo trimestre:

- Seguimento do Plan Dixital:

O equipo de dinamización do plan réunese o día 20 de abril de 2023 para revisar o plan e facer un seguimento de como se está de como se está implementando no centro

- Completar la aplicación “Educalidade”
- Confección das enquisas que valorarán e avaliarán o Plan Dixital por parte do profesorado e do alumnado.
- Acordo para a instalación en breve de 12 Paneles interactivos de 75 polgadas, resolución 4K, modelo TafelTech L75EG (Android 11, 4GB RAM, 32GB almacenamento interno).
- Unha vez revisado o plan se presenta para a súa aprobación ao claustro e e consello escolar o 25 de abril de 2023

Actividades desenvolvidas no terceiro trimestre:

- Revisión e cumprimento de obxectivos
- Seguimento do plan dixital
- A acreditación das competencias dixitais
- Iniciativas de Amtega para a dixitalización
- Proceso de acreditación de competencias dixitais docentes

- O camino da dixitaización educativa
- Elaborar as enquisas para o seguimento do Plan Dixital
- As enquisas están a disposición da comunidade educativa no seguinte enlace <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1321>
- Informe do segundo trimestre sobre desenvolvemento do Plan
- Memoria final do Plan Dixital
- Análises das enquisas do profesorado, alumnado e persoal non docente
- Os responsables de cada nivel realizan un breve informe de como implementouse o Plan Dixital no centro durante o curso 2022-23

Acordos e compromisos:

- Implementar o plan dixital do centro nas tarefas cotiás
- Informar na CCP sobre a acreditación dixital docente
- Informar no claustro de abril sobre o desenvolvemento do Plan Dixital
- O director recollerá toda a información e completará na aplicación “Educalidade” os datos sobre o seguimento do Plan Dixital
- Memoria final do Plan Dixital

Puntos fortes

Implantación de EDIXGAL en toda a ESO e 5º e 6º de Primaria

Alta participación do alumnado y profesorado no proceso de dixitalización do centro

Incorporación de novo material

Puntos débiles

A conexión as veces non é inestable

O incremento de traballo para o profesorado implicado na elaboración do plan

Equipos informáticos moi antigos nalgún caso

Propostas de melloras

Unha rede mais estable

Renovación de parte dos equipos infomáticos

13-. ANÁLISE DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Datos xerais:

Inicio do proxecto: A primeira reunión para a constitución do equipo foi o 7 de setembro de 2022.

Aulas e cursos implicados: Todas as aulas e todos os cursos do centro educativo. As actividades organizadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) estiveron dirixidas a todo o alumnado das diferentes etapas. O equipo estivo composto por membros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria que traballamos, conxuntamente, na posta en marcha e funcionamento deste tipo de actividades. Polo tanto, en maior ou menor medida, todo o alumnado e todo o profesorado participou e colaborou co EACE.

Introdución:

Este curso escolar 2022-2023, ao igual que en anos anteriores, o **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares** tivo como finalidade e obxectivo planificar e organizar as diferentes actividades complementarias e extraescolares do centro que se levaron a cabo durante todo o curso, en estreita colaboración co resto de equipos e dinamizacións, principalmente co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e co **Equipo da Biblioteca**.

Periodicamente, realizáronse reunións cos membros destes equipos de cara a organizar e propoñer as diferentes actividades, moitas das cales xiraron arredor das conmemoracións e efemérides anuais habituais. Tamén se colaborou na organización e no desenvolvemento do proxecto anual de centro, que cada curso fai referencia a unha temática diferente escollida por todo o profesorado.

Actividades realizadas no primeiro trimestre:

Proxecto anual do centro

Durante este primeiro trimestre púxose en marcha, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o proxecto anual do centro que, no presente curso, xira arredor do 50 aniversario do CPI de Atios (antes, colexio de EXB). Aínda que non será ata o 2º trimestre cando se establezan unhas actividades comúns para todos os niveis, nalgúns cursos xa se realizaron algúns traballos referentes a estes 50 anos de historia do centro, como a preparación dos anuncios publicitarios de Nadal da década dos 70 en diante que o alumnado de 5º e 6º de EP representou no festival de Nadal.

Bo día, Atios!

Ao igual que en cursos anteriores, durante este primeiro trimestre amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego.

Festival de títeres “Entes animados”

Dende a Concellería de Cultura do Concello de Valdoviño, trasladouse a proposta de participar como espectadores neste festival, concretamente na representación dunha das obras de títeres que se desenvolveu na Casa da Cultura de Valdoviño o 23 de setembro e que se titulaba “Pendente dun fio”.

Exposición de música galega “Cantámola nós”

Tamén a través do Concello de Valdoviño, neste caso dende o Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra, puidemos gozar da exposición de carteis informativos sobre os diferentes artistas e bandas do actual panorama musical galego e en galego. Dita exposición estivo no centro dende o 26 ao 30 de setembro e incluíu, ademais, a actuación da cantante e música MJ Pérez, que tivo lugar na Casa da Cultura de Valdoviño o 22 de setembro.

Espectáculo de maxia

Dende a Concellería de Cultura do Concello de Valdoviño propúxosenos un espectáculo de maxia para o alumnado de EP que tivo lugar na Casa da Cultura de Valdoviño o 13 de outubro.

Magosto e Samaín

O xoves 27 de outubro celebráronse simultaneamente o Magosto e o Samaín, e colaborouse na organización das distintas actividades propostas polo EDLG. Xa nos días previos, todas as portas das distintas aulas do colexio foron decoradas polo alumnado con motivos terroríficos relativos ao Samaín.

Levou-se tamén a cabo a tradicional exposición de cabazas, centros de outono e colares de zonchos aínda que, este ano, a diferenza dos anteriores, non houbo fase de concurso. Ademais, dende o Equipo da Biblioteca, organizouse un concurso de pesadelos consistente en elaborar un microrrelato de terror nunha cartolina que debía depositarse na caixa colocada para tal efecto na propia biblioteca.

O propio día da celebración desenvolveuse unha xincana que tivo como protagonista ao alumnado de EP. Organizouse de xeito que unha das probas da xincana implicase visitar os baños do terror. Se en cursos anteriores se habilitara unha aula do terror, unha sala de profes do terror e unha casa do conserxe do terror, este ano a localización foi nos baños do patio, que se atopan ao logo dun estreito e longo corredor moi axeitado para tal evento. Os alumnos e as alumnas do centro participaron elaborando elementos decorativos, aínda que o resultado final foi unha sorpresa para todos e todas. A rapazada de 4º da ESO organizou a decoración e a posta en escena da ambientación terrorífica con axuda do profesorado, especialmente da profesora de Plástica da ESO. Preparáronse distintos espazos con diferentes “graos de medo”, para que os/as máis pequeniños/as puidesen visitar os baños do terror sen problema, se así o desexaban.

E, na parte relacionada co Magosto, non faltou tampouco a degustación de castañas e chourizos, acompañados de zume, coa colaboración do comedor e da ANPA tanto na adquisición dos produtos como no reparto dos mesmos. Durante ese tempo, ademais, o conserxe asou un número simbólico de castañas ao xeito tradicional, rememorando como se facía antigamente e entroncando así a festividade coa celebración do 50 aniversario do centro.

Concertos didácticos:

A través do Concello de Valdoviño, desenvolvéronse varios espectáculos musicais e de canto para os diferentes niveis educativos. Tiveron lugar na Casa da Cultura de Valdoviño ao longo do mes de novembro. O día 21, Magín Blanco e A banda das apertas para EI e 1º ciclo de EP; o día 23, Píscore, para o resto de cursos de EP, e o 24 de novembro, Ludus Tonalis, para a ESO.

Día contra a Violencia de Xénero

O EDLG elaborou unha batería de recursos para poder utilizar nas aulas durante os días próximos ao 25 de novembro e o Equipo da Biblioteca organizou un recitado de poemas e de cancións para o propio día da conmemoración. Ademais, contamos no centro coa exposición da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, “Cartas de Amor”, que está composta por ilustracións de varios debuxantes e que ten como finalidade visibilizar comportamentos machistas que se poden dar nas relacións de parella. Tamén a través da Xunta, o alumnado da ESO puido asistir a unha serie de charlas sobre o tema que tiveron lugar na Casa da Cultura de Valdoviño.

A nivel de aula, en Xeografía e Historia da ESO traballouse a violencia de xénero a través das obras de arte, en Plástica da ESO elaborouse un mural que se expuxo no centro, en 3º de EP investigouse sobre a orixe da conmemoración e sobre a biografía de varias mulleres ás que se lles dedicou o día na súa creación, e en EI realizouse unha instalación baseada nunha obra de Graciela Sacco.

Ademais, o propio 25 de novembro, celebrouse un acto no ximnasio do colexio que comezou ás 12 da mañá cun minuto de silencio e que continuou cunha “performance” na que varias alumnas leron poemas e cancións mentres outras ían caendo no chan pouco a pouco, representando a todas as mulleres asasinadas no ano 2022 ata ese momento. A continuación, os seus compañeiros trazaron a súa silueta con xiz no chan. Para finalizar o acto, dous alumnos cantaron un rap composto por eles abordando a temática da violencia de xénero.

Festival de Nadal

Para o tradicional concurso de postais de Nadal, colocáronse os traballos do alumnado nos cortizos próximos a cada aula, de xeito que o último día de clase o xurado pasou polos corredores para valorar e seleccionar as postais gañadoras. Os diplomas e agasallos serán entregados á volta das vacacións.

O último día de clase antes das vacacións, o xoves 22 de decembro, tivo lugar o tradicional festival de Nadal que levaba xa dous anos sen celebrarse deste xeito a causa da pandemia da COVID. Novamente puidemos reunirnos alumnado e profesorado de todos os niveis educativos no ximnasio do centro para gozar das actuacións preparadas pola rapazada do colexio. Ademais, puideron asistir de novo como público as familias que así o desexasen, e a xornada resultou un éxito, tanto pola calidade do festival como pola afluencia de xente. Encargouse da presentación o alumnado de 4º ESO e, ademais da presenza do Apalpador e dos Reis Magos, houbo bailes, cancións, recreación de anuncios publicitarios antigos, entrega de premios do concurso de relatos de medo da biblioteca e sorteo de cestas de Nadal para colaborar coa excursión de fin de estudos dos maiores do centro. Pola tarde, para o alumnado da ESO, houbo unha festa de “fin de ano” organizada polo alumnado de 4º ESO para recadar cartos para a excursión. Dita festa consistiu nun baile con música e karaoke, badaladas con uvas e incluso elección do rei e da raíña do baile, tanto na categoría de alumnado como na de profesorado.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- En EI, o alumnado asisitiu ao espectáculo de títeres “Entes animados” na Casa da Cultura de Valdoviño, actividade que tivo lugar o 23 de setembro. Ademais, tamén na Casa da Cultura e organizado a través da materia de Música, participou como espectador da actuación musical de Magín Blanco e A banda das apertas, o 21 de novembro. Ao longo do trimestre, realizáronse saídas á contorna coa finalidade de explorar os cambios producidos na natureza coa chegada do outono.
- No 1º ciclo de EP, o alumnado asistiu tamén ao festival de títeres “Entes animados” o 23 de setembro na Casa da Cultura de Valdoviño. O 11 de novembro realizou unha saída pola contorna da lagoa da Frouxeira, e o 21 de novembro, Día da Música, participou como espectador no concerto de Magín Blanco e a Banda das Apertas na Casa da Cultura de Valdoviño.
- No 2º ciclo de EP, o alumnado asistiu ao espectáculo musical celebrado na Casa da Cultura de Valdoviño o 23 de novembro a cargo do grupo Píscore, proposto polo concello e organizado a través da materia de Música. 3º de EP realizou unha saída ao Museo Etnográfico da Capela o 5 de decembro. Ademais, na materia de Educación Física, 4º de EP participou en varias sesións de tenis de mesa impartidas polo Club de Tenis de Mesa de Narón ao longo dos meses de novembro e decembro. A través da materia de ITI, desenvolvéronse as “merendas saudables” nos recreos.
- No 3º ciclo de EP, 6ª de EP realizou unha saída a Meteogalicia, o Museo de Historia Natural e a Catedral de Santiago. O 23 de novembro asisitiu ao concerto didáctico celebrado na Casa da Cultura de Valdoviño a cargo de Píscore. Ademais, na materia de Educación Física, tanto 5º coma 6º de EP participou en varias sesións de tenis de mesa impartidas polo Club de Tenis de Mesa de Narón ao longo dos meses de novembro e decembro. A través da materia de ITI, desenvolvéronse as “merendas saudables” nos recreos.
- En canto á ESO, realizáronse as seguintes saídas e actividades:

O Departamento de Bioloxía organizou unha visita á Lagoa da Frouxeira que estivo guiada por membros da Sociedade Galega de Historia Natural, realizando un estudo da dinámica da lagoa e a observación de aves. Levouse a cabo o 1 de decembro e estivo dirixido ao alumnado de 1º de ESO.

O Departamento de Educación Física organizou unha charla da escola de surf Friends and Family para 1º de ESO o 3 de novembro.

O Departamento de Física e Química organizou unha charla a cargo dunha antiga alumna do centro que está actualmente a elaborar a súa tese de doutoramento en física nuclear. Esta actividade tivo lugar o 28 de novembro e estivo dirixida a 2º, 3º e 4º de ESO. Ademais, tamén puxo en marcha un club de lectura científica que se desenvolveu nos primeiros recreos dos martes e que estivo dirixido a toda a ESO. En canto ás saídas, o venres 16 de decembro, co obxectivo de coñecer como se prepara a auga para o seu consumo e o saneamento para a súa chegada ao mar, o alumnado de 4º de ESO visitou o encoro de As Forcadas e a planta potabilizadora (ETAP) de Catabois, a partir da cal se distribúe ás nosas casas. Tamén visitou a Estación de Bombeo máis grande de Europa (EBAR) situada na Cabana e, por último, a Estación de Depuración de Augas Residuais (EDAR) de Prioriño, onde se trata a auga para a súa vertedura ao mar dun xeito máis adecuado. Previamente a esta saída, o xoves 15, acudiu ao centro a dar unha charla o director xerente de EMAFESA, empresa titular da traída da auga de Ferrol.

O Departamento de Lingua Castelá realizou unha saída ao colexio La Salle de Santiago de Compostela para ver a obra de teatro *El asesinato del profesor de Matemáticas*. Tivo lugar o 21 de novembro para o alumnado de 1º e 2º de ESO.

O Departamento de Xeografía e Historia participou na materia de Economía de 4º ESO no concurso sobre comercio local “i-Comercio” promovido pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia.

Departamento de Música participou na organización do concerto que tivo lugar o 24 de novembro a cargo do coro Ludus Tonalis.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado.

Actividades realizadas no segundo trimestre:

Proxecto anual do centro

Durante este segundo trimestre continuouse, de xeito máis intenso aínda, co proxecto anual do centro que, no presente curso, xira arredor do 50 aniversario do CPI de Atios (antes, colexio de EXB). Para xestionar de maneira máis adecuada todo o traballo que implica dita conmemoración, creouse unha serie de comisións que se encargaron de distintos aspectos do proxecto. Estas comisións están compostas por diferentes membros da comunidade educativa, tanto persoal docente como non docente, familias e alumnado. Por unha banda, creouse a comisión museística, encargada de recompilar, a través dos

traballos do alumnado e doutras fontes, testemuños e materiais que formaron parte do centro ao longo da súa historia. Por outra banda, a comisión TICS, que se encarga de deixar constancia do labor realizado a través da recollida audiovisual de todos os actos e eventos que teñen lugar, así como da elaboración dun documental final que resume todo este traballo. E, xa por último, a comisión económica e de festexos, que se encarga de organizar a venda de camisetas, cuncas, toallas, bolsas, rifas e entradas para a cea baile (así como organizar a propia cea baile) e deste xeito recadar o diñeiro necesario para desenvolver a festa de final de curso. Neste caso, están a contar cun gran apoio do comercio local, tanto a nivel económico como de visibilización dos produtos.

Arredor deste proxecto tiveron lugar, tamén ao longo deste trimestre, varios encontros de persoas que formaron parte da comunidade educativa do Atios ao longo destes cincuenta anos. Así, fixéronse xuntanzas de antigos/as docentes, directores/as, alumnado... Tamén se visibilizaron, a través das redes sociais propias e do concello, as experiencias persoais dalgunhas familias que estudaron no colexio no seu día e que agora teñen os seus fillos e fillas matriculados/as no centro.

Sen dúbida, este inxente proxecto está a implicar non só a actual comunidade educativa do CPI de Atios, senón tamén toda a poboación do concello que, na inmensa maioría, tivo algún tipo de relación con centro ao longo destas cinco décadas.

Bo día, Atios!

Ao igual que no anterior, durante este segundo trimestre amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego.

Día da Paz

Co gallo de celebrar o Día da Paz, creáronse unha serie de tapices a modo de tear feitos a partir de anacos de sabas vellas nos que, posteriormente, se colocaron mensaxes e imaxes relacionadas coa paz e a non violencia. Tamén se traballou esta conmemoración nas aulas e nas titorías a través de distintas actividades e materiais, aínda que este curso non houbo ningún acto concreto a maiores destes traballos realizados ao redor do día 30 de xaneiro.

Teatro con G

O alumnado de 6ºA de EP está a preparar a obra “Rosiña a xordiña” para participar no festival Teatro con G organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e leva cos ensaios xa dende comezo deste 2º trimestre.

Día do Amor e da Amizade

Durante as semanas previas ao 14 de febreiro, toda a comunidade educativa se implicou na escrita de mensaxes de amor e amizade para depositar nas diferentes caixas de correo distribuídas polo centro. Nesta actividade, organizada polo EDLG, colaborou tamén o alumnado da ESO organizando o correo e repartindo as cartas ás persoas destinatarias.

A maiores, e en relación co 50 aniversario do centro, o EDLG elaborou tamén unha porra consistente en adiviñar a identidade de varios “querubíns” pequeniños creados a partir de fotografías da infancia do profesorado e doutro persoal adulto do centro. Publicouse na web a orla con estas fotografías e as persoas que quixesen participar debían adquirir unha papeleta cos nomes dos/as retratados/as para asignarlles o número de imaxe correspondente. A actividade, que se fixo este curso por primeira vez, tivo un grande éxito e un bo número de persoas participantes.

Entroido

Ademais de cumprir os mandados do Meco durante a semana do festival, mandados que consistían en traer cada día un complemento concreto e rechamante na nosa indumentaria (este ano en relación, ademais, con Día do Amor e a Amizade, por coincidir no tempo).

O Entroido xirou, como cada ano, arredor do proxecto do centro. Os/as alumnos/as de cada grupo ou curso, ao igual que o resto da comunidade educativa, disfrazáronse de personaxes típicos das series ou do mundo da música dos anos 70, década na que o centro educativo comezou a súa andaina.

Xa o día anterior ao festival, o xoves 16 de febreiro, o alumnado de 4º da ESO organizou unha festa de disfraces para recadar cartos para a excursión de fin de estudos. Nesta festa escolléronse os disfraces gañadores, ademais de haber música, petiscos e un photocall para retratarse lucindo os disfraces de Entroido.

O venres 17 de febreiro tivo lugar, grazas a que o tempo o permitiu, o tradicional pasarrúas pola vila, rematando o percorrido cun festival de comparsas e bailes no exterior da Casa da Cultura de Valdoviño. Unha vez de volta no centro, alumnado e profesorado puideron degustar distintas sobremesas de Entroido, algunhas delas achegadas polas familias.

Día de Rosalía:

Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 23 de febreiro (nova data establecida para o seu nacemento, segundo as últimas investigacións), todo o centro traballou arredor da súa figura e obra de diferentes xeitos e en diferentes clases. Para isto, dende o EDLG propúxose unha batería de actividades consistentes en tarefas de lingua, escape rooms, xogos...

Dende Cultura do Concello de Valdoviño ofrecéronnos un espectáculo teatral dirixido ao alumnado dende 3º de EP ata 4º da ESO titulado Sempre Rosalía, que tivo lugar o 24 de febreiro na Casa da Cultura, e que xiraba arredor da imaxe parcial atribuída a Rosalía ao longo da historia.

Outra interesante actividade foi a proposta dende a Biblioteca, que consistiu en elaborar unha Rosalía de Castro xigante cun vestido feito a partir de flores e tiras de papel decoradas con palabras e versos da autora. Este mural con forma de escritora colocouse nunha das entradas do centro, na zona da Conserxería e da radio.

Poesía e Imaxe

Como cada ano, o noso alumnado participou no concurso, establecido para todos os niveis educativos, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, e que consiste na creación de obras artísticas a partir de poemas de diferentes linguas seleccionados de antemán pola propia Coordinadora. Para iso, o alumnado traballou os textos e a súa representación gráfica na materia de Plástica.

Día da Muller

Para conmemorar o 8 de marzo, o alumnado realizou unha serie de actividades ao longo das semanas próxi-mas á data co fin de visibilizar a desigualdade aínda existente na sociedade por razóns de xénero. Moitas delas fixéronse a través de distintas materias ou das titorías. Ademais, ese mesmo día, o alumnado da ESO asistiu a un espectáculo de teatro ofrecido pola Casa da Cultura do Concello de Valdoviño. Dito espectáculo, #2Pilgrims, da compañía Redrum Teatro, aborda o tema da igualdade de xénero e as novas masculinidades.

A Mocidade coa Lingua:

Este curso volveu celebrarse o xa tradicional festival da Mocidade coa Lingua que todos os anos organiza a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e que esta edición fixo o seu 30 aniversario. Neste festival participan grupos musicais de alumnos/as de toda a comarca de Ferrolterra e tamén un grupo profesional que pecha o espectáculo e que, nesta ocasión, foi Fillas de Cassandra.

Durante os meses previos, un grupo de alumnos e alumnas de varios cursos da ESO do centro ensaiou dúas pezas para participar no evento. Este alumnado, que formou para a ocasión o grupo Bandoviño, compuxo dous temas, un deles unha versión musicada do poema de Manuel María “Agora, que gastei os meus outonos” e outro de autoría propia, “Collendo impulso”, como indicaban as bases do festival.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- No 2º ciclo de EP, o alumnado de 4º de EP fixo dúas saídas, unha o día 28 de abril ao longo da mañá, andando ata a praia da Frouxeira, para traballar con Fran Canosa temas de rochas. A outra saída foi o 2 de marzo e nela os rapaces e rapazas visitaron a Domus e o Muncyrt na Coruña, para traballar temas de electricidade e observar diversos aparellos relacionados coas ciencias naturais e sociais, ademais da paisaxe.
- No 3º ciclo de EP, o alumnado de 5º e 6º de EP participou no FELG (Foro Escolar Literario Galego) realizado en varias sesións na Biblioteca Municipal de Valdoviño, coordinado por Antón Cortizas e coa presenza de Antonio Yañez Casal, autor do libro A complicada vida de Bieito Viqueira, e de M.A. Alonso Diz, autor da obra O país da choiva.

Por outra banda, 6ª de EP visitou o museo etnográfico e a antiga escola da Capela o 31 de xaneiro. Ademais, o 15 febreiro, realizou unha saída a Campo a Través en Cedeira. Tamén asistiu como público ao espectáculo Sempre Rosalía que tivo lugar na Casa da Cultura o 24 de febreiro e participou no obradoiro “Fai click ao teu bocata” que se desenvolveu no comedor escolar o 16 de marzo

- En canto á ESO, realizáronse as seguintes saídas e actividades:

O Departamento de Bioloxía organizou unha visita guiada á lagoa da Frouxeira con membros da Sociedade Galega de Historia Natural. O obxectivo da visita foi recibir in situ unha explicación sobre a dinámica hídrica da lagoa e a observación de aves. Dita visita tivo lugar o 2 de febreiro para 4º de ESO.

O Departamento de Educación Física organizou unha semana branca para o alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO que tivo lugar dende o sábado 18 de marzo ata o venres 24 de marzo en Andorra.

O Departamento de Lingua Castelá realizou unha saída ao colexio La Salle de Santiago de Compostela para ver a obra de teatro El Lazarillo. Tivo lugar o 31 de xaneiro para o alumnado de 3º e 4º de ESO.

O Departamento de Xeografía e Historia organizou un obradoiro de Prehistoria que tivo lugar o martes 21 de marzo co alumnado de 1º de ESO.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado

Actividades realizadas no terceiro trimestre:

Proxecto anual do centro

Durante este terceiro trimestre continuouse a desenvolver o proxecto anual do centro que, no presente curso, xirou arredor do 50 aniversario do CPI de Atios (antes, colexio de EXB). Para xestionar de maneira máis adecuada todo o traballo que implicou dita conmemoración, como xa dixemos en trimestres anteriores, creáronse unhas comisións que se encargaron de levar a cabo distintos aspectos do proxecto. Estas comisións estiveron compostas por diferentes membros da comunidade educativa: persoal docente e non docente, familias e alumnado. A comisión museística, encargada de recompilar, a través dos traballos do alumnado e doutras fontes, testemuños e materiais que formaron parte do centro ao longo da súa historia, inaugurou unha exposición o 12 de maio con todas esas achegas, exposición que puido visitarse na Casa da Cultura de Valdoviño durante varias semanas. A comisión TICS encargouse de deixar constancia do labor realizado a través da recollida audiovisual de todos os actos e eventos que tiveron lugar, así como da elaboración dun documental final que resumiu todo este traballo. E, xa por último, a comisión económica e de festexos continuou co seu labor de xestionar a venda de camisetas, cuncas, toallas, bolsas, rifas e entradas para a cea baile, así como de organizar a propia cea baile, e deste xeito recadar o diñeiro necesario para desenvolver a festa de final de curso.

Sen dúbida, este inxente proxecto implicou non só a actual comunidade educativa do CPI de Atios, senón tamén a toda a poboación do concello que, na inmensa maioría, tivo algún tipo de relación co centro ao longo destas cinco décadas.

Bo día, Atios!

Ao igual que no anterior, durante este terceiro trimestre amenizouse a entrada á escola con musica “picada” dende a Conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego.

Foro Literario do Concello de Valdoviño

O 20 de abril e o 16 de maio tiveron lugar na Biblioteca Municipal do Concello de Valdoviño as dúas sesións do foro literario dirixido por Antón Cortizas ao que asistiu, de xeito voluntario, parte do alumnado de 1º de ESO. Nos trimestres anteriores o foro estivo dirixido aos rapaces e rapazas de EP. Nesta ocasión, a lectura que tiveron que realizar e que despois comentaron coa súa autora foi *Camiño perigoso*, de Ánxela Loureiro.

Día do Libro

Ademais das actividades propostas pola Biblioteca, o EDLG e o EACE, seguindo coa tradición de poñer en contacto o alumnado con escritores/as de Valdoviño, organizaron un encontro con Rosa Aneiros que, en lugar de realizarse próximo á data oficial, o 23 de abril, trasladouse á data de celebración das Letras Galegas por cuestións de axenda da propia escritora e aproveitando, tamén, para enlazar a súa visita coa conmemoración do 50 aniversario do centro, xa que foi alumna do colexio.

Sesión de contacontos do Concello de Valdoviño

A través de Cultura do Concello de Valdoviño, o alumnado do 1º ciclo de EP puido asistir a unha sesión de contacontos do camerunés Boniface Ofogo, que tivo lugar no auditorio da Casa da Cultura o 5 de maio.

Maios

Este curso a celebración dos Maios adiantouse a comezos de mes, tendo lugar o día 5 de maio e realizándose, a diferenza dos cursos anteriores, separado das Letras Galegas. Elaborouse a tradicional alfombra floral no patio da cafetería xa dende o día previo, encargándose do deseño a profesora de Plástica da ESO e colaborando profesorado e alumnado na preparación tanto do debuxo como das flores. Os diferentes cursos de todos os niveis fixeron tamén os seus “minimaios” para colocar arredor da alfombra e o alumnado de 4º ESO confeccionou uns maios grandes para situar no centro durante a celebración. Ademais, tampouco faltou a música: cantáronse as tradicionais cancións dos Maios, que foron ensaiadas previamente pola profesora de Música de EP, e o profesor de Historia da ESO ofreceu un pequeno concerto de gaita xunto a unha alumna de 4º de ESO.

Día das Letras Galegas

Durante os días próximos ao 17 de maio traballouse nas aulas e, máis concretamente na materia de Lingua Galega e Literatura, o autor homenaxeado este ano, Francisco Fernández del Riego, ao cal lle debemos, entre outras cousas, que exista esta importante conmemoración. Organizouse un concurso de investigación a partir dos carteis enviados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística de xeito que o alumnado, por grupos, tivo que buscar información sobre o autor a partir dunhas preguntas previamente formuladas na clase. Tamén se visualizaron na aula outros materiais elaborados para a ocasión, como algún vídeo sobre a vida e a obra do autor. O EDLG puxo a disposición do profesorado todos aqueles recursos e materiais que foron xurdindo sobre Fernández del Riego para poder traballalo nas aulas de todos os niveis educativos.

Na conmemoración que tivo lugar no centro o día 19 de maio realizáronse numerosas actividades ao longo da mañá. O feito de non facer coincidir esta celebración coa dos Maios, a diferenza de cursos anteriores, foi moi positivo, xa que se lle deu o protagonismo que merecía ao Día das Letras, o cal do outro xeito quedaba en segundo plano a causa da grande importancia que ten a tradición dos Maios no noso centro. As actividades concretas que se desenvolveron foron as seguintes:

Como inicio da celebración, alumnado de 4º de ESO leu un manifesto arredor da importancia desta data e da figura de Fernández del Riego e o grupo musical Bandoviño interpretou os temas musicais que preparara a raíz da súa participación no festival A Mocidade coa Lingua, da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra. A este acto asistiu todo o alumnado do colexio e tivo lugar no patio.

Posteriormente, na Biblioteca, Rosa Aneiros conversou co alumnado de EP, mentres o alumnado de ESO asistiu no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño a un obradoiro de instrumentos musicais tradicionais, onde tamén actuaron o profesor de Historia de ESO e a alumna de 4º, interpretando varias cancións coa gaita.

Finalmente, tamén na Casa da Cultura, Rosa Aneiros respondeu as preguntas do alumnado da ESO e faloulles aos rapaces e ás rapazas non só de literatura, senón tamén da súa experiencia persoal como alumna do noso centro.

Cea baile 50 aniversario

A comisión económica e de festexos do 50 aniversario encargouse de organizar unha gran cea baile o 27 de maio na pista da Asociación de Veciños de Lago. A ela asistiron todas as persoas que así o desexaron, a maioría vinculadas ao Atios nalgún momento da súa historia, ben fose como alumnos/as, como profesores/as, como familiares... Antes e despois da cea houbo actuacións musicais a cargo de Bitter Cans, Ollo ao chanzo (estes dous grupos con membros vinculados ao centro), Nuevo Plan e un disk-jockey que puxo o colofón á festa.

Charla da Confraría de Pescadores de Cedeira

A Confraría de Pescadores de Cedeira ofreceu unhas charlas para alumnado de EP e de ESO arredor do tema dos residuos e da limpeza das costas, nas que tamén participaron mariscadoras de Valdoviño. Tivo lugar o 31 de maio no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño.

Intercambios epistolares con alumnado de Cospeito e da Coruña

O EDLG e o Departamento de Lingua Galega levaron a cabo dous intercambios epistolares con alumnado doutros centros educativos. No caso do intercambio co IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta), este limitouse á correspondencia entre os rapaces e rapazas de 1º de ESO dos dous centros, mais no caso do CPI Virxe do Monte, ademais do intercambio de misivas, realizáronse dous encontros entre o alumnado de 3º de ESO: un primeiro no que o alumnado de Valdoviño visitou Cospeito e outro no que o alumnado de Cospeito visitou Valdoviño, o 2 e o 5 de xuño, respectivamente. A finalidade, neste caso, era poñer en contacto os nosos rapaces e rapazas cunha realidade sociolingüística diferente á súa, na que o galego é a lingua de relación normal e habitual entre a mocidade.

Teatro con G

O alumnado de 6º de EP preparou unhas obras de teatro (unha por clase) para participar no festival Teatro con G organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, que tivo lugar o 6 de xuño no teatro Jofre de Ferrol. O alumnado de 5º de EP asistiu ese día como público e, previamente, os 6ºs representaron as súas obras para os compañeiros e compañeiras de 1º a 4º de EP no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño.

Certame de microrrelato e micropoesía “Carmela Loureiro”

Aínda que a elaboración dos microrrelatos e micropoemas do alumnado xa tivo lugar con antelación nas clases de Lingua Galega e Literatura, o fallo do concurso organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e o Concello de Ferrol a nivel comarcal non se soubo ata o mes de xuño. Do noso centro resultaron gañadores de 1º premio en diferentes categorías unha alumna de 2º de ESO e un alumno de 4º de ESO. Ademais, tamén recibiron un accésit unha alumna de 6º de EP e un alumno de 1º de ESO. A entrega de premios tivo lugar na capela do Torrente Ballester o 21 de xuño.

Fin de curso

A fin de curso celebrouse por todo o alto grazas aos cartos recadados pola comisión económica e de festexos do 50 aniversario, de xeito que o alumnado, especialmente o de EI e EP, contou con todo tipo de actividades en función da súa idade: inchables, festa infantil a cargo da Gua-gua, música en directo de Pablo Díaz, karaoke, xincanas de xogos, disk-jockeys, festa da escuma... Pero sen esquecer as actuacións do alumnado de ESO, tanto musicais como de baile, e a despedida do alumnado de 4º de ESO que finalizaba a súa etapa educativa no CPI Atios. Ademais, organizouse un xantar “campestre” no patio e nas pistas, onde toda a comunidade educativa puido gozar de bocadillos de tortilla elaborados dende o comedor, empanada e polos xeados.

Acto de graduación do alumnado de 4º de ESO

O alumnado e as titoras de 4º de ESO organizaron, por vez primeira no centro, un acto de graduación que tivo lugar o 26 de xuño no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño, e ao que asistiron tanto o profesorado como as familias. Ademais dos emotivos discursos a cargo de alumnado e titoras, tamén se procedeu á entrega das notas e de agasallos para os/as docentes e houbo unha pequena actuación musical con voz e guitarra a cargo dun alumno e unha alumna de 4º de ESO, compoñentes do grupo Bandoviño.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- No 1º ciclo de EP, realizáronse as seguintes actividades:
 - Asistencia ao espectáculo do contacontos Boniface Ofogo na Casa da Cultura de Valdoviño.
 - Teatro en inglés na Casa da Cultura de Valdoviño.
 - Excursión á Granxa Escola do Beelle.
 - Visitas á Casa da Cultura de Valdoviño para ver distintas exposicións (Picasso, 50 Aniversario...)
 - Charla da Confraría de Cedeira e de mariscadoras de Valdoviño sobre a contaminación dos plásticos nos mares e nas praias da contorna.
 - Animación á lectura de Santillana na biblioteca do centro.
 - Asistencia ás representacións teatrais dos grupos do centro participantes en Teatro con G, na Casa da Cultura de Valdoviño.
- No 2º ciclo de EP, o 4º curso realizou unha excursión a Viveiro o 9 de xuño para coñecer o río Landro, dentro do Proxecto “Ríos” que se está a desenvolver no centro, e os eucaliptos máis grandes de Europa. Tamén levou a cabo unha saída á praia de Vilarrube para realizar unha actividade de iniciación ao surf o xoves 25 de maio.
- No 3º ciclo de EP, leváronse a cabo as seguintes actividades:
 - Participación dos grupos de 6º curso no festival Teatro con G organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, con tres obras (unha por clase) que representaron para o público asistente en dito festival, entre o cal estiveron tamén os grupos de 5º curso. Esta actividade tivo lugar o 6 de xuño, pero previamente, o día 5, representaron as súas obras para o resto do alumnado de EP no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño.
 - Excursión a Galipark Multiaventura, en Padrón, o 14 de xuño.
 - Excursión ao Aquapark de Cerceda o 15 de xuño.
 - Saída á praia da Frouxeira o 20 de xuño.
- En canto á ESO, realizáronse as seguintes saídas e actividades:
 - O Departamento de Educación Física levou a cabo as seguintes actividades:
 - Excursión a Asturias para realizar actividades de multiaventura con 1º de ESO do 26 ao 28 de abril.
 - Saídas ao medio natural próximo ao centro con todo o alumnado no mes de maio.
 - Bautismos de surf con 4º de EP o 25 de maio.
 - Obradoiro sobre protección solar para 1º de ESO o 8 de xuño.
 - Torneo de fútbol ao longo do trimestre, cuxas finais tiveron lugar o 15 de xuño.

Bautismos de surf con 1º de ESO o 20 de xuño.
Rafting no río Miño para 3º e 4º de ESO o 23 de xuño.

- O Departamento de Física e Química organizou unha saída o luns 22 de maio para visitar o centro de investigación CICA (Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía) asociado á Universidade da Coruña. Neste centro, o grupo Nanoself amosoulle ao alumnado o seu traballo relacionado coa química supramolecular, a química biolóxica e a nanotecnoloxía. O grupo Exprela explicoulle os seus proxectos de xenética orientada á biomedicina. Tamén visitaron o grupo Aquaterra: un grupo interdisciplinar de científicos e enxeñeiros que traballan na xestión sostible dos recursos hídricos e do chan.
- O Departamento de Orientación levou a cabo unha serie de charlas para o alumnado da ESO durante o mes de xuño: sobre drogodependencia, a través da asociación ASFEDRO, os días 13 e 14 de xuño, e sobre a diversidade LGTBI o día 19 de xuño.
- O Departamento de Xeografía e Historia organizou as seguintes actividades:
Charla de Arqueoloxía co alumnado de 1º de ESO o martes 28 de abril a cargo da arqueóloga Vanesa Trevín Pita explicando as súas experiencias no campo no que traballa.
Saída a Lugo co alumnado de 1º de ESO, Cultura Clásica e Latín, o xoves 4 de maio, incluíndo a visita ao Castro de Viladonga e á cidade de Lugo, guiada por un guía profesional para ver os restos romanos da cidade.
Saída á Capela co alumnado de 4º de ESO, que visitou o Museo Etnográfico da Capela e realizou unha ruta polas Fragas do Eume guiada polo profesor do departamento Juan Coira Pociña.
Saída a Compostela co alumnado de 2º e 3º de ESO, que consistiu na visita á cidade de Compostela e á catedral por parte do alumnado de 2º da ESO, con actividades guiadas polo profesor Juan Coira Pociña, e na visita á cidade e ao Parlamento de Galicia por parte do alumnado de 3º de ESO, con actividades guiadas pola profesora Vanessa Pita Santalla.
Ademais, o alumnado de 4º de ESO realizou a súa excursión de fin de estudos a Tenerife a mediados do mes de abril e unha saída ao Aquapark de Cerceda o 20 de xuño, como despedida do centro.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado.

Puntos fortes:

Fundamentalmente, a implicación de toda a comunidade educativa nas actividades, festivais e distintas celebracións. Á hora de levar a cabo ditas actividades, hai unha correcta distribución de tarefas e, cada curso, ben sexa de Infantil, de Primaria ou de Secundaria, se implica intensamente nos aspectos que lle corresponde preparar en cada momento. Valoramos tamén moi positivamente, polo que nos parece un punto forte importante, a interrelación entre o EACE, o EDLG e a Biblioteca, que estes últimos cursos está a ser aínda máis estreita do que xa era en anos anteriores e que nos permite xuntar forzas para facer cousas en común máis produtivas e eficientes. Por outra banda, a creación de comisións específicas para levar a cabo o desenvolvemento da celebración do 50 aniversario do centro redunda nesa boa disposición de toda a comunidade educativa á hora de traballar xuntos nun proxecto común e de tan grande envergadura como este.

Puntos débiles:

Poucos puntos débiles podemos mencionar, xa que retomar as actividades e poder desenvolverlas todos/as xuntos/as, como se facía antes da pandemia, axudou a motivar os membros da comunidade educativa, que se involucraron notablemente no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares. O único punto débil do que podemos falar, coma sempre, é da falta de tempo para realizar certas propostas, especialmente na ESO, onde unha hora de titoría á semana non é suficiente para preparar moitos dos proxectos e non sempre é fácil encaixalos dentro das materias, as cales, á súa vez, tamén están faltas de horas lectivas para poder desenvolver todo o seu currículo.

Propostas de mellora:

Tentaremos seguir na mesma liña de traballo: en equipo, colaborando entre as distintas dinamizacións e implicando nas actividades do centro a todos os integrantes da comunidade educativa, pero intentando desenvolver a organización de certas actividades cunha marxe máis ampla de tempo ou primando unhas sobre as outras, no caso de acumulárense ou solapárense

14-. PLANS E PROGRAMAS LEVADOS A CABO NO CURSO 2022-23

Este curso demos continuidade aos seguintes proxectos, uns xa comezados nos cursos pasados e outros iniciados o presente curso, tamén realizáronse as actividades propostas polos equipos encargados do seu desenvolvemento.

a.- Proxecto Biblioteca,

A biblioteca abreuse puntualmente ao público no mes de outubro una vez establecidas as normas de uso e despois de actualizar os listados de usuarios e comprobar que todos os alumnos tiñan o seu carnet de lectores

Imos lembrar que as actividades da biblioteca do CPI de Atios veñen en parte determinadas polos programas promovidos pola Consellería de Educación a través do equipo de Bibliotecas escolares de Galicia:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), que este curso supón a concesión de cartos paramercar fondos bibliográficos e tamén para adquisición de mobiliario.
- HORA DE LER que implica que todas as aulas de infantil e primaria fan todos os días media hora de lectura diaria.
- BIBLIOTECAS SOLIDARIAS (MODALIDADE 3) o cal supón a potenciación da figura dos axudantes de biblioteca e a realización sistemática de actividades de apadriñamento lector dentro do propio colexio
- BIBLIOTECA INCLUSIVA, que este ano 2.020 supón unha importante aportación económica para mercar fondos de inclusión, que decidimos no equipo invertir na renovación das bibliotecas de aula.

Por outra parte, o traballo na biblioteca de Atios ven determinado pola colaboración cos distintos ciclos e departamentos nos que se están a desenvolver numerosos proxectos educativos que precisan da biblioteca como centro de recursos, e da colaboración tanto co equipo de dinamización lingüística do centro coma co equipo de actividades extraescolares, á hora de abordar as distintas efeméridas a celebrar no transcurso do curso escolar (samaín-magosto, nadal, día internacional contra a violencia de xénero, día da paz, antroido, día do libro, día da poesía, día das letras galegas, ... e o tema interdisciplinar acordado cada ano e que no presente curso son as olimpíadas).

Os **obxectivos** a traballar son:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fora del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un lemento de satisfacción persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Valorar e respetar a lingua galega como lingua vehicular do centro.

b.- Proxecto Comedor Escolar,

1. Normativa:

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o funcionamento máis detalladamente Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023

2.- Introducción:

Este programa foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa

3.- Organización do servizo de comedor:

3.1. Modalidade.

O servizo de comedor do CPI Atios é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de tipo D de 251 a 350 comensais. Terán a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

O comedor do CPI Atios contará cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesiniais composto como se detalla: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007. No caso do noso centro, temos 13 persoas colaboradoras, así como a encargada de comedor e o responsable do mesmo que será o director.

3.2. Calendario e horario de funcionamento.

A duración do servizo de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente, así o servizo de comedor comenza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2021-21 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 08-09-2022
- Fin do servizo de comedor: 21-06-2023

O horario do servizo de comedor é de 13:20 a 15:45 os luns, martes, mércores e venres, de 13:20 a 16:45 os xoves.

Na seguinte táboa detállanse os prezo a pagar polo alumnado do centro.

	Abono 4,50 €	Abono 2,50 €	Abono 1 €	Gratuidade	Total
Infantil	15	4	3	19	41
Primaria	40	10	18	82	150
ESO	28	3	15	48	94
ESO 1 DÍA*	18	7	3	21	49
TOTAL	101	24	39	170	334

Se abre en setembro o prazo para a presentación de instancias destinadas aos pais, nais o titores que queiran colaborar no comedor. O Consello Escolar do día 11 de outubro dá o visto bo a nova persoa encargada do comedor e ás 15 persoas colaboradoras segundo o baremo indicado

No curso actual segue o proxecto “Venres Gastronómicos”, que chamamos “50 aniversario”, en colaboración co Equipo da Biblioteca e o EDLG.

c.- Seccións bilingües

No curso 2022-23 o alumnado de 1º e 2º curso de Educación Primaria na materia de Plástica, e o alumnado de 3º de Educación Secundaria na materia de matemáticas cursaron a materia en lingua inglesa cuns resultados satisfactorios, pois reforzaron o seus coñecementos na mencionada lingua. Este ano tivemos auxiliar de conversa para dar apoio ao profesorado na aula.

O obxectivo deste proxecto é a potenciación do plurilingüismo na comunidade educativa, e afacer ao alumnado a expresarse de xeito natural en linguas estranxeiras (inglés) mediante o uso da lingua en situacións de comunicación real na aula.

d.- Contrato Programa

Inicio do proxecto:

No mes de Novembro de 2022 preséntase unha nova solicitude do CONTRATO PROGRAMA. Este contrato programa foi concedido pola Consellería de Educación en estas dúas liñas

1ª) CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA: 03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.

Obxectivos:

- Fomentar estilos de vida activos, saudables e sostibles na comunidade educativa do centro, especialmente entre o alumnado.
- Coordinar e recompilar nun proxecto común todas as actividades que teñen como finalidade a consecución de estilos de vida saudables e sostibles na comunidade educativa.
- Crear e iniciar o desenvolvemento dun proxecto deportivo de centro que englobe todas as accións e iniciativas para a promoción de estilos de vida saudables.
- Aumentar a actividade física realizada polo alumnado ao longo da semana dentro do horario lectivo, a través das actividades propostas semanalmente durante os recreos activos, principalmente entre o alumnado de primeiro ciclo de secundaria.
- Visibilizar o impacto positivo dos hábitos de vida saudables e sostibles mediante exposicións, saídas e charlas.
- Reducir a pegada ecolóxica do comedor escolar apostando por alimentos de proximidade e tempada e aumentando o consumo de alimentos de orixe vexetal ao tempo que se reducen os de orixe animal.
- Reducir a produción de residuos plásticos, promovendo o consumo de alimentos que carezan de embalaxes non reciclables.
- Implicar ao alumnado na búsqueda e aplicación de solucións a problemas medioambientais da contorna.

Número de alumnado implicado: 232

Cursos que participan: 5º PRIMARIA, 6º PRIMARIA, 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

Profesorado implicado: 9

2ª) CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE: 02. IGUÁLA-T

Obxectivos:

- Fomentar a análise crítica da construción social de xénero e as súas repercusións na desigualdade e a violencia de xénero.
- Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para homes e mulleres..
- Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado o que está en risco de exclusión social e promover medidas que fomenten a inclusión,
- Fomentar a autoestima das nenas e as adolescentes.
- Implicar aos nenos e os adolescentes na construción de modelos de masculinidade comprometidos coa igualdade e a non-violencia.

Número de alumnado implicado: 174

Cursos que participan: 1º ESO,2º ESO,3º ESO e 4º ESO

Profesorado implicado: 13

e.- Proxectos Europeos:

Realízanse as mobilidades previstas para este curso académico nestas datas:

Mobilidade a Italia “As escolas de Pistoia”	Outubro de 2022
Mobilidade K1 a Konya Turquía	Novembro de 2022
Blended Learning 4All 2023-24 Lisboa Marzo 2023	Marzo de 2023

Por outra banda o profesorado do centro participou en mobilidades de Erasmus K1 xestionadas polo CFR de Ferrol, onde visitaron outros países como Polonia. Irlanda e Grecia, posteriormente compartiron as súas experiencias.

f.- Clube de Ciencia:

Introdución ao proxecto

No momento en que se publicou a convocatoria no xaneiro de 2017 do programa piloto de innovación educativa “Club de Ciencia” no noso centro, o CPI de Atios, tivemos claro que queriamos participar. Había moitas, boas e poderosas razóns para intentalo pois levamos xa algún tempo reflexionando sobre a educación STEM e as vocacións científicas. Daquela **fomos seleccionados como un dos dez centros pilotos** . Por suposto, o pasado curso repetimos e esta continuamos.

No presente curso 22-23, o CPI de Atios foi de novo seleccionado para participar no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

A coordinadora do proxecto foi Marina Pernas Marín

A actividade irá dirixida a 138 nenos e nenas dos cursos 4º, 5º e 6º de Primaria e 93 nenos de 2º e 3º de secundaria

As experiencias terán lugar fora do horario, cada titor establecerá o horario de cada grupo

O profesorado participante: 6 persoas titoras do terceiro ciclo de primaria do centro, o profesorado da eso dos departamentos de Bioloxía e Física e Química.

Ao STEM (estudio de diversas áreas da ciencia, da tecnoloxía, da enxeñería e das matemáticas), desexamos engadirlle o A, convertendo o acrónimo en STEAM, engadíndolle a área da Arte. Se lle botamos unha ollada a historia recente da nosa civilización, vemos que a maioría dos científicos e inventores do Renacemento eran tamén artistas (Da Vinci, Copérnico, Galileo, Brahe...). Pero non so nesa época, hoxe en día, calquera obra de enxeñería require facer un plano da mesma ou un deseño 3D no que as artes plásticas xogan un papel fundamental.

A estratexia de traballo que empregaremos, como non, será o **Método Científico** ;

- Partiremos de **formular un problema** ou **unha pregunta** relacionada con algunha das áreas STEAM, ciencia, tecnoloxía, enxeñería ou matemáticas, para traballar un contido neses ámbitos. A continuación, o alumnado **formulará** as súas posibles **hipóteses** de como resolver ese problema ou pregunta.
- Posteriormente, escolleremos diferentes **experimentos** que axuden a demostrar esas hipóteses, e que irán ligados en todo momento aos estándares de aprendizaxe de cada nivel educativo.
- Será o propio alumnado quen saque as **propias conclusións** , que resolvan os problemas ou preguntas presentadas, e a continuación as redacte nunha ficha de traballo elaborada a tal efecto.

Visibilización das actividades

Tódalas experiencias levadas a cabo no club de ciencia publícanse no Blog [“Club de Ciencia Atios”](#) creado como requisito da convocatoria, de dar difusión as actividades que se organicen, así como nas correspondentes RRSS do centro educativo (facebook, twitter, instagram...

h.- Outros proxectos e actuacións:

-Programa de Aprendizaxe Cooperativa como proxecto de centro, en colaboración co CFR de Ferrol e a Universidade VIC de Barcelona.

-Plan Proxecta: CAMIÑANDO Á BEIRA DO RÍO

O proxecto que presentamos foi un xeito de achegamento do alumnado do segundo ciclo de educación primaria do CPI de Atios ao seu entorno natural , un entorno eminentemente costeiro, moi relacionado coa vida e o disfrute do mar, pero pouco coñecedor dos ríos e regatos que percorren o concello de Valdoviño.

Dende unha mirada totalmente transversal, na que os nosos alumnos e alumnas traballen estándares de Ciencias Naturais, estándares de Ciencias Sociais, estándares de Lingua Galega, de Educación Física e de Música incluso, pretendemos achegar ao alumnado de Atios ao coñecemento do seu entorno natural

-Proxecto de Centro “50 Aniversario CPI Atios”

Abranguerá a toda a comunidade educativa do CPI Atios así como a súa contorna. Son moitas as actividades planificadas e que implicarán de forma activa a alumnado, profesorado, familias, persoal non docente, Concello, asociacións próximas así como as escolas unitarias que temos adscritas ao noso

centro. O obxectivo último é desenvolver un proxecto anual interdisciplinar que implique a diferentes equipos como o de Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e equipo de comedor, entre outros. Neste curso escolar, todas as actividades de centro xirarán en torno ao 50 aniversario do centro abórdanse curricularmente dende diferentes áreas.

15-. RESUMO DO BALANCE ANUAL DE CONTAS ANO 2022

INGRESOS	2021	2022
a.1.) Funcionamento	91.511,00	46007,09
a.2.) Libros de texto	0,00	1960,00
a.3.)Biblioteca	3.800,00	2485,00
a.4.) Mellora educativa	0,00	0,00
a.5.) Fondos innovación educativa	1.369,86	1142,35
a.6.)Comedores	98.810,39	119.165,11
b) Outros organismos	400,00	830,93
b.1) Fomento do galego	931,00	879
c) Achegas económicas	1.906,89	12.779,65
h) Remanente 2020	113.733,92	107.651,10
j) Achegas de particulares	2.945,47	2016,79
TOTAL	315.408,53	294.917,02

GASTOS	2021	2022
1.Arrendamentos	4.549,08	4.549,08
2.Reparacións	4.029,72	3.950,06
3.Material oficina	17.838,29	12.452,18
4.Suministracións	18.293,18	30.403,14
5.Comunicacións	212,84	91,96
6.Transporte	11.522,00	17.158,84
7.Traballo empresas	67.111,30	7547,41
8.Primas seguro	916,09	487,57
9.Tributos	0,00	0,00
10.Axudas custo	3.027,93	4805,05
11.Gastos diversos	1.594,79	622,55
12.Mobiliario	2.294,96	1131,62
13.Outro material	0	0,00
14.Comedores	85.396,70	96743,92
TOTAL	216.786,88	149540,24

PARTIDAS	REMANENTE 2021	REMANENTE 2022
FUNCIONAMENTO	43.404,14	49.148,11
COMEDOR	55.217,51	65.825,53
TOTAL	98.621,65	114.973,64

Observacións:

O remanente a día 31 de decembro de 2021 da partida de **funcionamento** 49.148,11 euros temos que retraer a cantidade de **8.512,22 €** euros porque pertencen a unha partida finalista correspondente ao proxecto Polos creativos

En resumo o total de cartos que podemos destinar a funcionamento a data de 31-12-2022 é de **40.635,89 euros**

15-. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA SOBRE O FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO PARA EL CURSO 2023-24

O desenvolvemento do curso académico 2022-23 podemos consideralo como moi satisfactorio xa que dos 9 obxectivos que nos marcamos ao inicio do mesmo logramos acadar resultados bos o moi bos en todos eles.

Dar grazas a toda a comunidade educativa porque entre todos e todas logramos sacar o curso adiante. Un curso especial no que celebramos o 50 aniversario, polo que felicitamos a toda a comunidade educativa pola súa implicación e axuda para que todas as actividades previstas para esta conmemoración chegaran a bo porto.

O funcionamento dos departamentos de secundaria, así como as coordinacións de ciclo de primaria e as dinamizacións foron satisfactorios cumprindo cos cometidos que teñen asignados e favorecendo a vida cotiá do centro.

O balance deste undécimo ano como director considéro o bastante positivo, grazas a axuda, tanto do resto dos membros do equipo directivo, ao profesorado, ao persoal non docente así como as familias c que sempre estiveron dispostos a colaborar en beneficio do centro.

Este 30 de xuño de 2023 será o meu último día como director do CPI Atios aínda que tiña tres anos máis de mandato decidín que debía dar paso e que forá dona Tania Ruanova a persoa que lle dera continuidade ao proxecto comenzado fai once anos.

No día da miña despedida como director quero tamén ter unha lembranza para todo o profesorado interino e sustituto que traballou todos estes anos no centro facendo fronte aos numerosos cambios e aos retos que foron atopando.

Agradecer a colaboración e os consellos dos inspectores que conocí ao longo de estos once anos, Adrián Fernández, Santiago Sobrino e Benigno Sánchez

Por último dar as grazas tamén as persoas que traballaron connigo na dirección, como Graciela Grande, David Eiroa, Ana Ramos, Dolores Freire, Juan Sánchez, Begoña Fernández e moi especialmente a Tania Ruanova.

En canto as **propostas de mellora** cara o vindeiro curso, considero prioritarias as seguintes:

1.- Necesidade de dar maior difusión de cantos aspectos e documentos incidan na convivencia. Neste caso sería dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento e o Plan de Convivencia

- Debemos consensuar co alumnado as normas que sirvan para que se manteña un clima san na aula e no centro.
- Temos que tentar solucionar de xeito escalonado os conflitos do alumnado e seguir unha orde de actuación ou resolución que iría desde o alumno, profesor/a, titor/a, Xefa de estudos, Director.
- Sería bo que toda a comunidade educativa coñecese e respetase as normas

2.- Implementar o Plan Dixital do centro ,estos serán os pasos a seguir:

- O primeiro paso será a inclusión do Plan Dixital no Proxecto Educativo do Centro.
- Posteriormente o equipo de dinamización do plan ao inicio de curso (setembro) poñerá en coñecemento do Claustro e do Consello escolar o devandito plan, e informará dos aspectos máis relevantes do mesmo.
- Seguindo coa difusión, todos os membros do Claustro do profesorado recibirán a través do correo cooperativo “edu.xunta.gal” unha copia do Plan Dixital e os/as xefes/as de departamento e coordinadores/as de ciclo deben certificar nas actas das súas primeiras reunións, que o plan foi lido e implementado nas respectivas programacións.
- Por outra banda unha copia Plan Dixital enviarase tamén aos membros do Consello Escolar a través do correo cooperativo “edu.xunta.gal”
- Para que toda a comunidade educativa do centro teña acceso ao plan este publicárase na paxina web do centro no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1321>
- O alumnado recibirá información do Plan Dixital por parte dos/as titores/as nas primeiras reunións de titoría que teñan con eles no mes de setembro. Ademais mostrarán ao alumnado o enlace da páxina web onde poden atopar o plan.
- Como último canle de difusión usaremos o espazo abalar onde crearemos un aviso para todas as familias, informando que implementaremos o Plan dixital no centro e o enlace onde poden atopar o mesmo.

3- Mellorar algúns aspectos das titorías:

- Destacar a importancia da titoría como recurso de prevención, mediación e resolución de conflitos.
- Continuar a traballar as Unidades didácticas propostas polo Departamento de Orientación no seu Plan de Acción Titorial
- Traballar outros aspectos de áreas transversais e de interculturalidade, e sobre todo continuar coa realización de obradoiros e actividades como as desenvolvidas no programa Querote+
- O titor/a debe de ser o referente para a intervención do resto do profesorado.

4.- Acadar maior desenvolvemento no uso das novas tecnoloxías, para afrontar as posibles eventualidades que haxa que afrontar nos vindeiros cursos así tentaremos

- Impulsar as aulas dixitais, xa temos a totalidade das materias de 5º EP, 6ºEP. 1ºESO,2º ESO, 3ºESO e 4º da ESO dentro do proxecto Edixgal, e polo tanto sen libro de texto.
- Reforzar a formación do profesorado no uso das novas tecnoloxías, centradas sobre todo en el desenvolvemento das docencia telemática.
- Potenciar aínda máis o uso da aula virtual.
- Facer participe ás familias da importancia das novas tecnoloxías e o bo uso das mesmas a través da formación na “Escola de nais e pais”

5.- Desenvolver os proxectos europeos de intercambio que solicitamos este ano, que levarán ao noso profesorado implicado a coñecer como se traballa por competencias dentro da Unión Europea.

Mencionar que queremos desenvolver nun proxecto europeo donde o profesorado participa a nivel persoal e individual e outro donde estaría implicada a dirección do centro.

6.- Seguir traballando e desenvolvendo unha educación por proxectos, cooperativa e baseada nas novas tecnoloxías para potenciar as capacidades e competencias do noso alumando cara a unha preparación óptima nun futuro próximo.

Valdoviño a 29 de xuño de 2023

O director
Sinatura dixital